

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE MARZO DE 2013

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:07 horas do día 7 de marzo de 2013, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria de data 07/02/2013 e da sesión extraordinaria urxente de data 20/02/2013

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número número 103/2013 á 205/2013

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 3º trimestre de 2012 sobre o cumprimento das previsión establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 4º trimestre de 2012 sobre o cumprimento das previsión establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, do certificado do silencio administrativo solicitado por XXXXXX na reclasificación do seu posto de traballo no referente ao nivel

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente por 4 votos a favor (2 do grupo do PP e 2 do grupo socialista) e 3 abstencións (2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 6 de febreiro do 2007, xx xxx xx , solicita que se lle suba o nivel do seu posto de traballo do 24 ó 26.

O 21 de febreiro do 2008 notifícase axx xxx o acordo unánime adoptado polos membros da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do Concello de Fene de “deixar pendente o asunto e remiti-la solicitude ao momento no que se faga a valoración dos postos de traballo”.

O 6 de xuño do 2012 e o 21 de setembro do 2012, xx xx xx, reitera a solicitude presentada o 6 de febreiro do 2007.

O 8 de febreiro do 2013, xx xx , solicita “emita certificación acreditativa do silencio producido e execute a resolución firme acadada por silencio administrativo, reclasificando o meu posto de traballo, con asignación do nivel 26”.

O 18 de febreiro do 2013 emite informe o Técnico de Administración Xeral do Concello, conformado pola Secretaría Municipal, que literalmente di:

“PRIMEIRO.- O 6 de febreiro do 2007, xx xxx x , solicita que se lle suba o nivel do seu posto de traballo do 24 ó 26.

SEGUNDO.- No expediente persoal da traballadora consta notificación feita o 21 de febreiro do 2008 do acordo unánime adoptado polos membros da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de “deixar pendente o asunto e remiti-la solicitude ao momento no que se faga a valoración dos postos de traballo”.

TERCEIRO.- Conforme ó art. 42.1 da LRJAP, as administracións públicas están obrigadas a ditar resolución expresa en tódolos procedementos e a notificala sexa cal fora a súa forma de iniciación.

O apartado segundo sinala que o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento completando, o apartado terceiro, que cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses comezando a contar, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, desde a data na que a solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

A solicitude presentouse o 6 de febreiro do 2007 polo que, ante a falta dun prazo máximo específico nunha norma xurídica, debe aplicarse o prazo máximo de tres meses. Así, seguindo este razoamento e sen prexuízo doutros criterios interpretativos que se analizarán posteriormente, o procedemento promovido por xx xxx xxx debía estar resolto e notificado á interesada antes do 7 de maio do 2007.

O art. 43.1 da LRJAP sinala “En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa legitima al interesado o interesados que hubieran deducido la solicitud para entenderla estimada por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una norma con rango de Ley por razones imperiosas de interés general o una norma de Derecho comunitario establezcan lo contrario”.

Polo anterior, co transcurso do prazo de tres meses sen resolución expresa e debidamente notificada, a interesada pode entender estimada a súa solicitude salvo que unha lei ou norma de dereito comunitario estableza o contrario. O acto presunto, os efectos do silencio administrativo, prodúcese o 7 de maio do 2007 coa posibilidade dunha estimación ou desestimación da solicitude que paso a analizar.

- O silencio administrativo positivo produciríase de non existir lei ou norma de dereito comunitario que lle outorgara ó silencio o carácter negativo, de desestimación. Neste caso, a interesada estaría lexitimada para requirir á administración o cumprimento da estimación por silencio administrativo da súa pretensión, de xeito que se a administración non cumprira co requirimento no prazo de tres meses podería deducir, no prazo de dous meses, recurso contencioso-

administrativo contra a inactividade da administración, conforme ós artigos 29.1 e 46.2 da Lei 29/1998 reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A actuación descrita non foi realizada pola interesada ata o 8 de febreiro do 2013, isto é, 6 anos mais tarde da presentación da súa solicitude.

Na data indicada, a interesada presenta un escrito no que presupón o silencio administrativo estimatorio da súa solicitude polo que reclama a execución da súa pretensión: a reclasificación do seu posto de traballo, do nivel 24 ó nivel 26, engadindo que se lle abonen as diferencias retributivas que dita reclasificación comporta dende o ano 2007 ata a actualidade.

Debe sinalarse que, no caso de que o silencio administrativo fora de carácter positivo, o acto presunto produciuse o 7 de maio do 2007. Conforme ó art. 25.1.a da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria, de aplicación supletoria ás entidades locais, establécese un prazo de prescrición de catro anos para esixir o pago de calquera obriga recoñecida pola facenda pública, recoñecemento que produciríase coa estimación do acto presunto.

Polo tanto, no caso de que o silencio administrativo fora de carácter positivo, a interesada tería dereito a percibir as cantidades correspondentes ás diferencias retributivas ocasionadas pola reclasificación do seu nivel de posto de traballo dende o 8 de febreiro do 2009, todo elo sen prexuízo da facultade da administración local a revisar de oficio o acto presunto producido, conforme ó capítulo I do título VII da LRJAP.

- O silencio administrativo negativo producirase cando unha norma con rango de Lei por razóns imperiosas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario lle outorgue ó silencio administrativo producido o carácter negativo, de desestimación.

O réxime do silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado encóntrase regulado no art. 43 da LRJAP. Dende a súa redacción orixinal, dito artigo foi obxecto de modificacións pola Lei 4/1999 e pola Lei 25/2009.

A disposición adicional primeira da Lei 4/1999 encomendaba ó goberno que nun prazo de dous anos adaptara as normas reguladoras dos procedementos ó sentido do silencio administrativo establecido na LRJAP establecendo, a disposición transitoria primeira, que mentres dita adaptación non se producira continuarían en vigor as normas regulamentarias existentes.

Dita previsión mantiña transitoriamente vixente o RD 1777/1994 que establecía o silencio administrativo negativo para supostos como o presente no art. 2.k) e coa seguinte redacción "*Cualquier otro procedimiento, no incluido en el apartado 1 del artículo 3 de este Real Decreto, cuya resolución implique efectos económicos actuales o pueda producirlos en cualquier otro momento: El plazo de resolución de estos procedimientos será el señalado en su normativa específica y, en su defecto, el general de tres meses previsto en el artículo 42.2 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre*".

Na actualidade, o RD 1777/1994 perdeu a súa vixencia transitoria na administración local por canto a previsión contida na disposición adicional primeira da Lei 4/1999 foi cumprida mediante a Lei 14/2000 de medidas fiscais, administrativas e do orde social -modificada polo art. 69 da Lei 24/2001- (de aplicación supletoria á administración local por canto a Lei 6/2001 é de aplicación exclusiva na administración autonómica galega. Non obstante, pode sinalarse que o procedemento non se encontra regulado en dita lei autonómica sinalando a disposición adicional segunda que, nestos casos, serán de aplicación o que as leis estatais dispoñan respecto ó prazo máximo de duración e ó sentido, estimatorio o desestimatorio, do silencio administrativo) que recolle, na súa disposición adicional vixésimo novena apartado segundo, o seguinte "*En cumplimiento de lo dispuesto en el apartado 2 de la disposición adicional primera de la Ley 4/1999, de modificación de la Ley 30/1992, los procedimientos que se relacionan en el anexo 2 a esta disposición se entenderán incluidos en la excepción prevista en el apartado 2 del artículo 43 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*".

O anexo 2 da Lei 14/2000 recolle os procedementos no que a solicitude do interesado debe entenderse desestimada ante a falta de resolución expresa por parte da administración. Entre os procedementos sinalados encóntrase a "*Resolución de solicitudes sobre adscripción de puestos de*

trabajo y otros procedimientos regulados en el Real Decreto 469/1987, de 3 de abril, cuya resolución implique efectos económicos". O Real Decreto 469/1987 non regula, como tal, ningún procedemento senón que crea determinados órganos colexiados ós que se lle outorgan competencias en materia retributiva do persoal ó servizo das administracións públicas. Polo tanto, no anexo 2 da Lei 14/2000 deben entenderse incluídos tódolos procedementos que, promovidos polos interesados, poidan ter incidencia retributiva no persoal ó servizo das administracións públicas, sendo o sentido do silencio administrativo desestimatorio.

A última modificación sufrida polo art. 43 da LRJAP, introducida pola Lei 25/2009, mantén vixente o anexo 2 da Lei 14/2000 por aplicación da disposición adicional cuarta da Lei 25/2009 "A los efectos previstos en el primer párrafo del artículo 43.1 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de acuerdo con la redacción dada por la presente Ley, se entenderá que concurren razones imperiosas de interés general en aquéllos procedimientos que, habiendo sido regulados con anterioridad a la entrada en vigor de esta Ley por normas con rango de Ley o de Derecho comunitario, prevean efectos desestimatorios a la falta de notificación de la resolución expresa del procedimiento en el plazo previsto".

Como conclusión do analizado, e sen prexuízo doutros criterios interpretativos que paso a analizar a continuación, a falta de resolución expresa da solicitude de reclasificación de posto de traballo no referente ó nivel/complemento de destino, presentada por xx xxx xx, produce a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude.

Chegada á conclusión do silencio administrativo negativo ou desestimatorio da solicitude presentada por xx xx xx con arranxo á interpretación analizada anteriormente, poden engadirse outros dous criterios interpretativos mantidos, non de forma unánime, polo Poder Xudicial que levarían á mesma conclusión: non poder entender estimada a solicitude presentada pola interesada.

1º.- Sentenza do Pleno da Sala Terceira do Tribunal Supremo do 28 febreiro do 2007 (rec. 302/2004) "(...) La tesis de la sentencia de instancia parte de una apreciación que esta Sala considera equivocada, la de considerar que cualquier petición del administrado da lugar o debe dar lugar, a " un procedimiento iniciado a solicitud del interesado", de modo que si no se contesta por la Administración en el plazo máximo establecido por resolver, debe considerarse estimada por silencio, en aplicación del artículo 43.2 de la Ley 30/1992 (LPAC).

La LPAC llevó a cabo una diferencia sustancial en la regulación del sentido del silencio que contenía la Ley de Procedimiento Administrativo de 17-VII-1958 (LPA), de cuyo examen procede sin embargo comenzar para alcanzar una recta interpretación del artículo 43 LPAC . Porque el supuesto del artículo 94 LPA , que es el que regulaba el silencio administrativo negativo era el de que "se formulara alguna petición ante la Administración y ésta no notificara su decisión en el plazo de tres meses". La LPA se refería a la falta de respuesta a cualquier petición, cualquiera que ésta fuera, para dar a ese comportamiento de la Administración, tras la denuncia ante ésta de la mora, el valor de un acto desestimatorio, si así lo decidiera el administrado. Sin embargo, cuando el artículo 95 LPA se refiere al silencio positivo se limitan los supuestos en que ello puede suceder; cuando se establezca por disposición expresa o cuando se trate de aprobaciones y fiscalizaciones que deban acordarse en el ejercicio de funciones de fiscalización y tutela de los órganos superiores sobre los inferiores.

El artículo 43 LPAC , en cambio , no se refiere a solicitudes sino a procedimientos. Es verdad que su párrafo 2 dice que los interesados podrán entender estimadas sus solicitudes, pero se trata de solicitudes insertadas en determinados procedimientos. Procedimientos que resultan de la aplicación de las correspondientes normas legales a las solicitudes presentadas por los interesados. Y esto que cabía mantenerlo en la redacción de la LPAC anterior a la modificación aprobada por la Ley 4/1999 de 13-I , es aun mas patente después de esta Ley. Antes de la Ley 4/1999, porque el artículo 43 contenía tres supuestos de silencio positivo que remitían a procedimientos mas o menos formalizados; los dos primeros sin duda alguna (concesión de licencias o autorización de instalación, traslado o ampliación de empresas y centros de trabajo y solicitudes que habilitaran al solicitante para el ejercicio de derechos preexistentes), pero también el tercero, "solicitudes en cuya normativa de aplicación no se establezca que quedaran desestimadas si no recae resolución expresa", porque esa normativa de aplicación no podía ser otra sino la normativa reguladora del específico procedimiento en cuestión.

Claramente se ve que en la mente del legislador estaba el aplicar el régimen de silencio positivo no a cualquier pretensión, por descabellada que fuera, sino a una petición que tuviera entidad suficiente para ser considerada integrante de un determinado procedimiento administrativo. Y así resulta de la Disposición Adicional 3ª LPAC que manda adecuar los procedimientos existentes a la nueva

regulación de la LPAC. (...) La LPAC establece como regla el silencio positivo, pero parte de que esa ficción legal se aplica a procedimientos predeterminados, como resulta de lo más atrás expuesto y también del art. 42.2 que, cuando habla de la obligación de resolver, advierte que ha de resolverse en el plazo "fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento", ha de haber un procedimiento derivado específicamente de una norma fija, y del 42.5, que manda a las Administraciones Públicas que publiquen y mantengan actualizadas, a efectos informativos, las relaciones de procedimientos, con indicación de los plazos máximos de duración de los mismos, así como de los efectos que produzca el silencio administrativo.

El silencio regulado en los artículos 43 y 44 sólo opera en el marco de alguno de los procedimientos reconocidos como tales en el ordenamiento jurídico, estén o no estén recogidos como tales en las normas reglamentarias de delimitación de procedimiento (...)".

O solicitado pola interesada incardínase dentro da potestade regulamentaria e de autoorganización que lle corresponde ó Concello de Fene como Administración Local. A determinación do nivel dun posto de traballo, e por conseguinte do complemento de destino, é unha competencia propia do Pleno da Corporación Local, de acordo cos niveis establecidos para os funcionarios da Administración do Estado, e require dunha valoración obxectiva previa, procedendo a asignación de dito nivel conforme a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, entre outros.

A determinación do nivel de cada posto de traballo non ten establecido un procedemento administrativo concreto, mais alá dunha valoración previa e obxectiva que debe realizar a propia corporación local e se plasme na relación de postos de traballo ou noutros instrumentos organizativos similares conforme ó art. 74 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Seguindo esta tese, o 21 de febreiro do 2008 foille notificado á interesada o acordo unánime adoptado polos membros da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de "deixar pendente o asunto e remiti-la solicitude ao momento no que se faga a valoración dos postos de traballo".

Así, seguindo a sentenza do Tribunal Supremo parcialmente transcrita, a non existencia dun procedemento administrativo predeterminado e recoñecido como tal no ordenamento xurídico, impide a produción de silencio administrativo algún pola falta de resolución expresa á solicitude presentada pola interesada.

2º.- Sentenza da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias das Palmas de Gran Canaria, Sentenza de 17 Sep. 2010, rec. 113/2010. Entre outras liñas de razoamento, para entender desestimada unha solicitude similar á presentada por xx xx xx, sinala o seguinte "(...) las solicitudes como la litigiosa, que no pueden inscribirse en un procedimiento iniciado a solicitud del interesado nominado, han de ser consideradas enmarcadas en un procedimiento impugnatorio o de revisión (ya sea recurso administrativo, solicitud de revisión de actos nulos, recurso extraordinario de revisión o simple rectificación de errores) cuando lo que se actúa es, en realidad, una pretensión impugnatoria o de revisión y no una pretensión dirigida a crear, modificar o extinguir un status jurídico determinado (acción constitutiva en terminología del Derecho Procesal) o a declarar un derecho preexistente y cuya eficacia pende de un acto declarativo del mismo (acciones declarativas en la terminología del Derecho Procesal en sus dos variantes de acciones de condena y meramente declarativas). Tratándose de procedimientos impugnatorios o de revisión de actos, la regla es el silencio negativo según el artículo 43.2 de la Ley 30/1992 con la excepción del doble silencio que el mismo contempla. Las pretensiones impugnatorias pretenden la modificación de una situación jurídica preexistente creada por un acto administrativo. Existe una manifestación de voluntad de la Administración -expresa, tácita o presunta- que constituye o declara una situación jurídica determinada. Con la revisión lo que se pretende no es constituir una situación jurídica paralela que, de algún modo, sustituya al status anterior, sino modificar la inicial declaración de voluntad de la Administración y con ello la situación preexistente que aquella hizo nacer. De ahí la regla del silencio negativo en el procedimientos de impugnación de actos o disposiciones (...)"

O solicitado pola interesada é revisar o nivel establecido ó seu posto de traballo e ó cal accedeu trala toma de posesión asinada o 9 de decembro do 2002, polo que a falta de resolución expresa da solicitude de revisión/impugnación lévannos a considerar desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

CUARTO.- As tres interpretacións analizadas no punto anterior lévannos ó mesmo resultado: non pode ser estimada por silencio administrativo a petición realizada por xx xxx xx.

A competencia para a fixación do nivel do posto de traballo (complemento de destino), que debe ser realizada no marco dunha relación de postos de traballo, correspóndelle ó Pleno do Concello conforme ó disposto no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Polo anterior, e conforme o art. 43.4 da Lei 30/1992 "*del órgano competente para resolver*", o Pleno do Concello de Fene é o competente para certificar sobre o sentido do silencio administrativo producido.

Por último sinalar o disposto polo art. 43.4 da Lei 30/1992 "*Solicitado el certificado, éste deberá emitirse en el plazo máximo de quince días*".

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene adopte, previo ditame da comisión informativa correspondente, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Certificar a produción de silencio administrativo negativo da solicitude presentada por xx xx xx o 6 de febreiro do 2007 e reiterada o 6 de xuño e o 21 de setembro do 2012 de reclasificación do seu posto de traballo do nivel 24 ó nivel 26 polas motivacións expostas no informe transcrito.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada comunicándolle que contra o mesmo poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o acordo que se lle notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderá interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación do presente acordo, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Fene a 22 de febreiro do 2013
O Alcalde
Gumersindo P. Galego Feal"

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, manifesta que hai dous aspectos dos que quere falar. Por un lado, sobre a cuestión de fondo, que non é o que se vai aprobar, que é o feito de que hai unha reclamación dunha traballadora que leva anos sen atenderse e a Lei de procedemento administrativo di que hai a obriga de contestar nuns prazos establecidos por Lei. Di que o seu grupo non comparte que isto se resolva deste xeito senón que debía ter unha resolución expresa en canto ao fondo.

Por outra banda, tampouco entende que se proceda pola vía de que teña que ser o Pleno quen aprobe un informe determinado, senón que dito informe, unha vez emitido, debe achegarse a quen o pide e nos prazos establecidos.

Di que unha mala decisión trae sete anos máis tarde o mesmo problema por falta de dilixencia na contestación e anuncia que o sentido do voto do BNG vai ser a abstención porque non están de acordo con este procedemento e non ven que haxa que facelo así e porque isto debe resolvelo unha relación de postos de traballo e non como se fixo no seu momento, vía modificación no Pleno, que foi o que provocou esta reclamación.

Remata dicindo que en ningún momento se actuou co procedemento e a axilidade para defender os dereitos das dúas partes, traballadora e Concello.

O concelleiro do grupo municipal socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, manifesta que a posición do PSOE é entender que isto só é cubrir un trámite administrativo de obrigado cumprimento e anuncia o voto positivo do seu grupo. Sobre o dito, e respectando a opinión dos distintos grupos, entende que en problemas coma este, todos teñen responsabilidade e que non é correcto contestar tirando balóns fóra. No Pleno recoñecéronse uns niveis salariais a uns traballadores no ano 2008 sen máis procedemento e da valoración daqueles traballadores o PSOE dixo o que pensaba e agora o mantén: para reclasificar os postos de traballo ten que haber un proceso de baremación daqueles. A partir de aí acordouse en Comisión no ano 2008, cando se estaba iniciando un proceso de catalogación, que se remitira aos traballadores reclamantes a proceso de catalogación para logo contestarlles. Dito proceso non chegou a bo termo e retrasou a contestación. Hoxe se está no mesmo proceso, polo que está fóra de lugar que o Concello perda esforzos en catalogar este posto. Pensa que, con claridade, os grupos políticos teñen unha responsabilidade compartida e que cando se está nun proceso de elaboración dunha RPT cómpre que todos coincidan que ten que ser neste proceso global onde se valore o posto de traballo. Entende que a solución ao procedemento que di a secretaría é correcto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo do PP e 5 do grupo do socialista) e 6 abstencións (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Certificar a produción de silencio administrativo negativo da solicitude presentada por xx xxx xx o 6 de febreiro do 2007 e reiterada o 6 de xuño e o 21 de setembro do 2012 de reclasificación do seu posto de traballo do nivel 24 ó nivel 26 polas motivacións expostas no informe transcrito.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada comunicándolle que contra o mesmo poderá interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o acordo que se lle notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderá interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación do presente acordo, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

6. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa reforma da Lei de bases de réxime local prevista polo goberno central

Consta no expediente a seguinte moción ditaminada favorablemente por 5 votos a favor (2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 2 abstencións do grupo do PP, na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente:

“O Grupo Municipal do PS^{de}G-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL PREVISTA POLO GOBERNO CENTRAL, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes últimos meses o Goberno Central está a debater a reforma de Lei de Bases de Réxime Local. A reforma, tal e como está prevista polo goberno de Rajoy, é un ataque directo ao municipalismo, que é en quen reside e debe residir o poder local, por ser a administración máis próxima aos cidadáns.

A citada proposta de reforma xustifícase en aras á sustentabilidade económica, cando é radicalmente falso que os Concellos sexan os culpables do déficit Público, e moi especialmente os concellos de menos de 20.000 habitantes.

O citado proxecto de reforma alude aos beneficios da economía de escala e, consecuentemente, traslada a responsabilidade última da prestación de servizos ás Deputacións, cando o certo é que nos Concellos todos somos conscientes de que é IMPOSIBLE que as Deputacións podan prestar os servizos coa calidade coa que os prestan os concellos galegos en xeral. Ademais, o problema para determinar a calidade dos servizos que prestamos os concellos está baseado nunha cuestión na que non entra o argumentario no que se basea o Goberno Central: a FINANCIACIÓN e a DISTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS. Este é o verdadeiro cabalo de batalla sobre o que hai que incidir. Non se trata de quitar ou poñer unha determinada competencia. Se trata de estudar canto custa o seu financiamento e quen debe asumila.

É imprescindible ter en conta a casuística galega de distribución e dispersión dos Concellos e, sobre todo a cantidade de núcleos de poboación que ten cada Concello en Galicia, que en moitos casos supera o centenar. Estas peculiaridades fan aos concellos galegos completamente diferentes aos do resto do Estado, nos que a perda de servizos e de concelleiros farían que os veciños perderan o único vínculo que teñen para reclamar solucións aos seus problemas sen que afecte ao aforro pretendido, xa que eses concelleiros que se pretende que desaparezan non cobran ou, no caso de cobrar, trátase de cantidades ridículas por asistencia a plenos que se celebran cada varios meses.

Para máis abundamento de que este argumento non ten ningunha lóxica, no propio documento de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local, na Disposición Adicional 9ª, se especifica que o número de asesores non poderá superar ao número de concelleiros. A conclusión é que se pretende eliminar a concelleiros que xeralmente non cobran, e se permite manter un cupo de asesores que sí cobrarían, polo que a argumentación de aforro económico termina sendo falaz.

En resumo, estamos a falar dun proxecto de reforma feito sen contar cos Concellos, e ás costas dos representantes dos concellos tanto na FEGAMP como na FEMP.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno Central para que calquera texto de reforma de Lei de Bases de Réxime Local sexa elaborado co consenso da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e se teñan en conta a propostas realizadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en todo o referido á especificidade de Galicia.
2. Trasladar o citado acordo tanto ao Goberno de España como á FEMP e a FEGAMP."

O grupo mixto presenta a seguinte emenda ao ditame da comisión informativa:

"ANTECEDENTES E MOTIVOS

O Consello de Ministros do pasado 15 de febreiro recibiu un Informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre o Anteproxecto de "Lei para a racionalización e a sustentabilidade da Administración Local". Tal informe provén dun nivel de Estado, como é o goberno central, para modificar radicalmente outro nivel diferente, o local, sen contar con este nin coa administración autonómica, que ten en moitos casos as competencias en exclusiva en materia de réxime local. No devandito informe establécense as liñas principais do que supón a demolición do modelo de xestión

pública que se iniciou en España cos Concellos democráticos desde 1.979, e que, *grosso modo*, supuxo un avance no desenvolvemento do país desde o impulso dado no ámbito municipal. En lugar diso, procédese a un desmantelamento controlado da experiencia democrática local na liña tradicional do modelo centralizador e de pulsión autoritaria do actual goberno.

A denominada reforma da administración local non é unha reforma: é unha demolición. Despreza o principio reitor que moveu con maior ou menor ambición a normativa de desenvolvemento dos Concellos: o da administración máis próxima. Os municipios españois en 1979 foron a expresión máis evidente da chegada da democracia ao noso país: miles de concelleiros e concelleiras, de alcaldesas e alcaldes, elixidos os seus veciños, accederon ao goberno dos seus Concellos desde a preocupación por satisfacer as demandas máis perentorias dos seus veciños, e tamén, ante a falta de definición constitucional das competencias locais, a afrontar aqueles retos e actuacións que fosen impulsadas pola cidadanía. Desde ese principio de administración máis próxima, configuráronse os Concellos como as entidades que visualizaron a democracia no noso país e que representaron a primeira experiencia, até agora irreversible, de descentralización política.

A famosa e trágica, polas súas consecuencias, reforma do artigo 135 da Constitución Española en setembro de 2011, acordada polo PSOE e o PP, recolle o principio de estabilidade orzamentaria como principio reitor de todas as administracións públicas, e a esta obsesión sométese agora á administración local a través desta reforma, sen contemplar as consecuencias sociais en forma de pobreza e deterioración de servizos que esa rixidez provoca na sociedade, principalmente nas capas populares.

No informe deféndese que se clarifican por primeira vez as competencias municipais por lei, cando en realidade xa a segunda xeración de Estatutos das Comunidades Autónomas, cuxos exemplos máis palmarios represéntanos os Estatutos de Cataluña e Andalucía reformados, definiron as competencias propias dos municipios, nunha sorte de segunda descentralización cun sentido profundamente municipalista. Estatutos que son Leis Orgánicas aprobadas polas Cortes e forman parte do bloque constitucional.

Fala o informe de que elimina duplicidades e competencias impropias, para axustar a Administración Local aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira consagrados pola Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que desenvolve o citado artigo 135 da CE. Con todo, non se eliminan duplicidades -pois existen as competencias compartidas e mantense a posibilidade de que os municipios saneados afronten calquera servizo-, senón que en todo caso elimínanse competencias propias dos municipios, en aspectos socialmente tan relevantes como educación, saúde ou servizos sociais, para pasalas ás Comunidades Autónomas sen o seu correspondente financiamento, pois asocia o goberno o aforro de 3.282 millóns de euros á eliminación das devanditas duplicidades. Falan de duplicidades cando queren dicir desmantelamento de servizos. Falan de clarificación de competencias cando queren dicir redución á mínima expresión da administración local.

A reforma respira tutela dunha administración sobre outra. Ignora as competencias autonómicas sobre réxime local e despreza aos Concellos como parte do Estado en pé de igualdade coas demais administracións. A intervención sobre a obsesión da sustentabilidade financeira percorre todos os aspectos normativos da devandita reforma. Fala de racionalizar a estrutura organizativa cando quere dicir privatizar servizos e entes instrumentais, e recoñece como un dos obxectivos o favorecer a iniciativa económica privada, evitando intervencións administrativas desproporcionadas. Aquí reside a clave de bóveda da reforma: enfraquecemento da democracia local a través da redución das súas competencias, anteposición dos principios financeiros neoliberais sobre calquera outra consideración na xestión municipal, intervención e fortalecemento dunha entidade decimonónica, asociada ao clientelismo e a falta de transparencia e control democrático, como son as Deputacións Provinciais, e privatización dos servizos públicos por esta nos municipios que perdan a titularidade das súas competencias. Chaman profesionalidade e transparencia á eliminación da política no ámbito local.

A reforma cheira a moderantismo do século XIX, a volta ao caciquismo e o elitismo na representación política, e desvían a radicalidade antidemocrática das súas propostas na base do aforro de gastos en cargos públicos, cando ese aforro, se é que se produce, suporá como moito o 2% do total. Falan de limitación de remuneracións ao 82% dos cargos públicos locais cando esa ausencia de remuneración xa existe nesas porcentaxes entre os 68.285 concelleiros e concelleiras dos 8.116 municipios españois.

A reforma reflicte, finalmente, os prexuízos neoliberais, carentes de conexión coa realidade dos Concellos, de que sobra Estado e municipios -36.000 hai no noso país veciño, Francia- ou están moi endebedados -A porcentaxe de débeda local en relación coa débeda das administracións públicas, antes de estudar o impacto dos plans de axuste, é do 4,5%, e desta porcentaxe, o 40% súmano 10 cidades de máis de 250.000 habitantes, excepto Ceuta, empezando por Madrid, co 22,5% da mesma-.

Ningún dato avala o cumprimento do suposto aforro neto de 7.129 millóns de euros entre os anos 2013 a 2015, a non ser co custo en recortes en forma de competencias, recursos, eliminación de servizos e destrución de emprego público municipal.

En definitiva, a reforma da administración local supón o maior ataque aos concellos democráticos na curta experiencia histórica dos mesmos; é unha volta á centralización e ao papel tradicional daqueles como meros executores das políticas do goberno central. O Consello de Ministros, con esa iniciativa, pretende converter nunha excepcionalidade histórica a experiencia democrática dos concellos españois iniciada en 1979.

Esta reforma elimina o poder en grao sumo próximo, afasta á cidadanía da xestión do público, e fortalece derivaa autoritaria, o afastamento da política dunha poboación que esixe máis participación, máis democracia e máis transparencia. O goberno responde con máis tutela, menos democracia e menos participación nos asuntos públicos.

Neste sentido, o borrador da reforma que se pretende está impregnado dos principios do reformado artigo 135 da Constitución Española así como da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, que condiciona todas as actuacións relacionadas coas competencias, servizos e atención á cidadanía que os Concellos veñen prestando, desde a pretendida intención de eliminar competencias impropias.

Desde a súa constitución en 1979, os Concellos democráticos han de ir desenvolvendo as súas actuacións no servizo da comunidade á que gobernan en dirección a unha permanente aínda que desigual descentralización, asumindo competencias en aras á mellora da vida da cidadanía á que serven e gobernan.

Esta reforma pretende o desmantelamento da referencia máis próxima á cidadanía, o primeiro nivel de acceso á representación popular, e substitúeo pola eliminación de competencias e servizos consolidados, así como por unha ausencia de financiamento que aboque á privatización dos que queden. En resumo, provoca:

1. Vaciamento e diminución de competencias de Concellos.
2. Reforzamento de administracións de elección indirecta como as Deputacións.
3. Intervención de Concellos de menos de 5.000 habitantes e perda de competencias entre os menores de 20.000 habitantes en favor das Deputacións.
4. Dous tipos de Entidades Locais Autónomas.
5. Recentralización do funcionariado da administración local con habilitación de carácter estatal.
6. Aposta pola privatización dos servizos públicos e desmantelamento da administración local.
7. Supresión, entre outras, das competencias en servizos sociais, educación ou promoción do medio ambiente.
8. Supresión do principio de autoorganización municipal e autonomía local.
9. Supresión da capacidade dos Concellos para a dinamización da economía local.
10. Introducción de indicadores de calidade puramente financeiros, sen contemplar criterios de atención á cidadanía de carácter social ou de dereitos humanos básicos.

Por todo o cal, este grupo municipal eleva ao Concello Pleno os seguintes

ACORDOS

1.- Mostrar o seu rexeitamento ao texto do Anteproxecto de Lei para a Racionalización e Sustentabilidade da administración local.

2.- Esixir a convocatoria dunha Asemblea Extraordinaria da FEMP para tratar este asunto e sobre o presente e futuro do municipalismo.

3.- Elevar ao Goberno Central a proposta de que calquera reforma que afecte as entidades locais deberá contar coa participación das mesmas, tanto directamente como a través das Comunidades Autónomas no ámbito das súas competencias.

4.- Comunica igualmente ao goberno Central a necesidade de que se reúna a Conferencia Sectorial para Asuntos Locais para debater este Anteproxecto de Lei e promover unha Lei de Financiamento Local que resolva o fortalecemento das competencias locais e o seu financiamento.

5.- Adherirse ás accións legais que se interpoñan para tentar parar esta reforma incluído no seu caso o recurso de inconstitucionalidade.

6.- Adherirse a cantas plataformas se poñan en marcha en defensa dun municipalismo democrático e próximo aos intereses da cidadanía.

Destes acordos darase traslado ao Presidente de Goberno e a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais.”

O voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, como propoñente da moción, acepta, da emenda presentada polo grupo mixto, os puntos 2º, 4º, 5º e 6º.

Asemade o voceiro emenda a súa propia moción, presentando, finalmente, xunto coas emendas aceptadas ao grupo mixto, a seguinte proposta de acordo:

“1. Reafirmar a autonomía local e a transcendencia do papel dos concellos na igualdade de oportunidades, a democracia e a cohesión social; elementos que permitiron vertebrar o territorio e prestar servizos esenciais e básicos, descentralizados e de proximidade para a cidadanía.

2. Transmitir aos Concellos e aos seus habitantes, especialmente dos municipios máis pequenos o noso apoio e recoñecemento polo labor que veñen realizando para manter vivo o territorio para toda a sociedade.

3. Solicitar a retirada por parte do goberno do Anteproxecto de lei para a racionalización e sostibilidade da Administración Local.

4. Instar ao Goberno Central para que calquera texto de reforma de Lei de Bases de Réxime Local sexa elaborado co consenso da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e se teñan en conta a propostas realizadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en todo o referido á especificidade de Galicia.

5. Esixir a convocatoria dunha Asemblea Extraordinaria da FEMP para tratar este asunto e sobre o presente e futuro do municipalismo.

6. Comunicar igualmente ao goberno Central a necesidade de que se reúna a Conferencia Sectorial para Asuntos Locais para debater este Anteproxecto de Lei e promover unha Lei de Financiamento Local que resolva o fortalecemento das competencias locais e o seu financiamento.

7. Adherirse ás accións legais que se interpoñan para tentar parar esta reforma incluído no seu caso o recurso de inconstitucionalidade.

8. Adherirse a cantas plataformas se poñan en marcha en defensa dun municipalismo democrático e próximo aos intereses da cidadanía.

9. Dar traslado deste acordo ao goberno de España, ao goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, aos grupos políticos do Congreso e do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.”

No turno de deliberación, o concelleiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, di que o sentido da moción é amosar dende Fene o rexeitamento a esta reforma porque o goberno de España o que pretende é privatizar a Administración Local, restarlle as poucas competencias que ten e así externalizar servizos. Di que non atalla os problemas de financiamento dos concellos, que é o principal problema que hai e, en lugar de ir a unha reforma que recoñeza e delimite claramente as competencias e lle dea financiamento para prestar esas competencias, óptase por un desmantelamento e nun momento no que a cidadanía está a pedir a proximidade da Administración.

Engade que non comparte como se atalla o tema das competencias, xa que se están a delegar nas Deputacións Provinciais, órganos que son cuestionados e que se está a pedir que se eliminen e que se desvíe o seu financiamento aos concellos e ás Comunidades Autónomas.

Di que por unha cuestión democrática e económica non poden compartir o desvío de competencias ás Deputacións Provinciais, que non son administracións tan transparentes coma son os concellos e que están afastadas dos cidadáns e non sometidas ao seu control.

Tilda de chapuza esta Lei porque só transcendeu a demagogia de que se vai aforrar moito, pero cre que non vai reportar aforro e si deteriorar a democracia, a capacidade política e administrativa dos concellos.

Para rematar di que se de verdade se quere racionalizar a planta municipal, entendendo que sobran concellos, pídelle ao PP que faga unha Lei consensuada cos partidos políticos e que se proceda a facer a fusión de determinados concellos, algo que di que non se fai porque aos concellos pequenos se lle retiran todas as competencias e salarios, pero seguen a existir porque votan para elixir ás deputacións provinciais e así o PP pode seguir a manter o seu control.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai uso da palabra para manifestar que está de acordo coa moción e coas emendas feitas e lembra que no 4º punto da orde do día do Pleno do mes de agosto presentaron unha moción preventiva rexeitando as medidas de reforma da Administración Local por considerar que atacan á autonomía local, non solucionan o problema de financiamento e potencian as deputacións provinciais, un ente que, como dixo o voceiro do grupo municipal socialista, non ten valor democrático ningún e actúa como policía territorial do goberno e do partido no poder.

Di que non discute que se necesite unha reestruturación, que a provincia de Burgos ou León case que teñan máis concellos que toda Galicia e que Portugal, que ten menos concellos, carece de provincias e non ten comunidades autónomas, ten unha crise galopante, polo que menos concellos non é sinónimo de menos crise. Pensa que hai que aplicar o sentido común e aplicar este tipo de reformas dende o dito no punto inicial da moción do PSOE e o que dicía o BNG na moción de agosto, isto é, con acordos cos concellos e comunidades autónomas, sendo o resto imposicións de quen descoñece a realidade local; ademais de que restar competencias aos concellos para darllas ás deputacións provinciais xa se veu nos programas de emprego das Deputacións que non mellorou nin en proximidade nin en eficacia a xestión municipal, polo que a solución vén por darlles aos concellos autonomía financeira e coordinación.

Conclúe dicindo que hai que racionalizar dende abaixo e tendo en conta a voz do municipalismo galego.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Punte, di que, sen compartir a exposición de motivos da moción e da emenda na súa totalidade, van votar a favor porque a moción ten unha serie de puntos nos que este goberno quere manter a liña que sostén a FEGAMP, que inclúe as posturas dos distintos partidos políticos. Non obstante, excepcionalmente o punto 8 da moción co que non están a favor.

Sometido o asunto emendado a votación, este foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Reafirmar a autonomía local e a transcendencia do papel dos concellos na igualdade de oportunidades, a democracia e a cohesión social; elementos que permitiron vertebrar o territorio e prestar servizos esenciais e básicos, descentralizados e de proximidade para a cidadanía.

2. Transmitir aos Concellos e aos seus habitantes, especialmente dos municipios máis pequenos o noso apoio e recoñecemento polo labor que veñen realizando para manter vivo o territorio para toda a sociedade.

3. Solicitar a retirada por parte do goberno do Anteproxecto de lei para a racionalización e sostibilidade da Administración Local.

4. Instar ao Goberno Central para que calquera texto de reforma de Lei de Bases de Réxime Local sexa elaborado co consenso da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e se teñan en conta a propostas realizadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en todo o referido á especificidade de Galicia.

5. Esixir a convocatoria dunha Asemblea Extraordinaria da FEMP para tratar este asunto e sobre o presente e futuro do municipalismo.

6. Comunicar igualmente ao goberno Central a necesidade de que se reúna a Conferencia Sectorial para Asuntos Locais para debater este Anteproxecto de Lei e promover unha Lei de Financiamento Local que resolva o fortalecemento das competencias locais e o seu financiamento.

7. Adherirse ás accións legais que se interpoñan para tentar parar esta reforma incluído no seu caso o recurso de inconstitucionalidade.

8. Adherirse a cantas plataformas se poñan en marcha en defensa dun municipalismo democrático e próximo aos intereses da cidadanía.

9. Dar traslado deste acordo ao goberno de España, ao goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, aos grupos políticos do Congreso e do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.

7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG sobre os custes das peaxes na AP9

Consta no expediente a seguinte moción ditaminada favorablemente por 5 votos a favor (2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 2 abstencións do grupo do PP, na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente:

“MOCIÓN SOBRE OS CUSTES DAS PEAXES NA AP9

Exposición de motivos

O pasado 1 de Xaneiro entraba en vigor, logo da autorización feita polo Ministerio de Fomento a finais de ano, unha nova subida na peaxe da A9; sendo a cuarta subida que se produce na mesma no período de doce meses.

Hai que lembrar aquí que, efectivamente, o Ministerio aprobaba a finais do mes de Xullo do pasado ano un incremento do 7,5%, ao que se viña a engadir a aplicación da subida do IVE no mes de Setembro. Todo isto, sen esquecer que xa se tiña feito unha actualización do IPC que tivo como resultado unha suba do 3,29% no pasado ano 2012.

Con todos estes incrementos do prezo a peaxe da A9 sitúase nun nivel practicamente inasumíbel para a maioría da cidadanía; xa que o custo do traxecto entre A Coruña e Vigo supera os 15 euros, mentres que o traxecto entre Ferrol e a fronteira de Tui –o percorrido completo da A9- achégase na práctica aos 20 euros.

Estamos a falar, pois, dunha das autopistas máis caras do Estado e que, como se ten posto de manifesto en numerosas ocasións, leva o engadido o feito de non contar cun *Programa de Descostos*, a semellanza do que acontece noutras autopistas do Estado. Os constantes incrementos dos prezos das peaxes – reiteramos que foron catro o pasado ano – nun contexto de grave crise económica, levan irremediabelmente á redución de usuarios da autopista. En troques, a utilización das estradas alternativas – nun estado deteriorado - levan a atascos e colapsos, ao non poder absorber o tráfico.

A incidencia desta situación – para o conxunto da poboación pero, nomeadamente, para os transportistas - na nosa comarca é maior aínda, xa que ao agravamento da crise e maior desemprego - co progresivo deterioro económico que leva consigo – hai que engadir o feito de non contarmos con vías alternativas en condicións. Por outra banda, os tramos de Miño a Cabanas e de Cabanas a Fene – que poderían actuar como alivio aos atascos que se producen na estrada convencional – resultan dos máis caros con relación á súa lonxitude.

A vista dos feitos expostos, desde o BNG entendemos que os concellos da comarca deberan de fixar unha estratexia común na defensa do conxunto das veciñas e veciños, para o que propomos a adopción dos seguintes

A C O R D O S

- 1.- Manifestar o rexeitamento da corporación á recente suba das peaxes na A9, polo impacto negativo que representa na xa deteriorada economía da comarca.
- 2.- Esixir do Ministerio de Fomento a urxente revisión da política de peaxes, que camiñe na dirección de rebaixar os custes das mesmas; nomeadamente na actual situación de grave crise.
- 3.- Solicitar a supresión da peaxe no tramo da A9 que vai de Miño a Fene.
- 4.- Demandar a urxente construción dun novo enlace da A9 no Polígono do Vidreiro-Pontedeume"

O grupo do BNG emenda a súa propia moción engadindo un punto 5º co seguinte contido:

"Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Fomento e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados."

Inicia o debate o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Juventino José Trigo Rey, quen di, en relación co prezo da autoestrada, que entre Ferrol e Coruña é de 4,35 euros e en categoría 3ª 10,50 euros, mentres que no caso de Ferrol-Vigo costa 17,30 euros e a un camión 37,90 euros, un prezo moi elevado, máxime cando os transportistas traballan con prezos pechados para todo o ano indistintamente das subas da autoestrada.

Engade que tamén hai que ter en conta que a web da autoestrada vende como negocio que a orografía fai da vía unha infraestrutura insubstituíble, que non hai alternativa. A autoestrada fixo toda a inversión de 20 ou 21 millóns de euros nos primeiros 20 ou 21 anos de existencia e dende aquela, cada vez que se fixo unha mínima inversión se concederon prórrogas ata 50 ou 75 anos.

O concelleiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, anuncia o voto positivo porque considera a autoestrada a grande estafa deste país, xa dende hai anos e día de hoxe, coa crise económica, o é máis.

Di que hai zonas de España que contan con peaxes excesivas pero tamén teñen vías alternativas, no caso da AP9 non hai vía alternativa máis que no contorno das cidades. Di que se xoga coa necesidade, coa incapacidade de moverse por outros medios e ademais nos últimos anos houbo uns incrementos de prezos alucinantes.

Considera que ao final é unha cuestión de recadar máis e di que na etapa de Aznar vendeuse aos veciños de Fene como un grande logro que o tramo Fene a Ferrol fose libre de peaxe e a cambio concedese a Audasa 25 anos máis de concesión pese a que diversos estudos económicos dicían que a autoestrada estaba amortizada e aínda subindo o custe desa gratuidade do tramo Fene-Ferrol os beneficios de Audasa permitiríanlle poder amortizar o investimento e mesmo gañaría cartos.

Prosegue dicindo que dous anos despois da prórroga a Audasa decidiron privatizala e vendela a Sacyr por 2500 millóns de euros e cinco anos despois Sacyr a vendeu novamente por 5000 millóns de euros aos actuais propietarios, polo tanto, regalouse e condenaron aos cidadáns a seguir pagando peaxes.

A voceira do grupo mixto, dona Maria Carmen Martínez Rodríguez, di que comparte a moción e fai fincapé en que catro subidas de prezo nun só ano é unha estafa con independencia do contexto económico de crise ou non.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, dille ao voceiro do grupo municipal socialista que logo de Aznar gobernou o PSOE que puido liberar a autoestrada de peaxes no tramo Fene-Miño.

Di que hai tempo xa se presentou unha moción semellante que solicitaba un novo enlace no polígono industrial do Vidreiro e o PP manifestou daquela o seu apoio. O protocolo asinado entre Audasa e o Ministerio de Fomento inclúe a liberación dalgún tramo e entende que hai que procurar a liberación de máis tramos. Remata anunciando o voto positivo.

Sometido o asunto emendado a votación, este foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

- 1. Manifestar o rexeitamento da corporación á recente suba das peaxes na A9, polo impacto negativo que representa na xa deteriorada economía da comarca.**
- 2. Esixir do Ministerio de Fomento a urxente revisión da política de peaxes, que camiñe na dirección de rebaixar os custes das mesmas; nomeadamente na actual situación de grave crise.**
- 3. Solicitar a supresión da peaxe no tramo da A9 que vai de Miño a Fene.**
- 4. Demandar a urxente construción dun novo enlace da A9 no Polígono do Vidrieiro-Pontedeume.**
- 5. Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Fomento e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.**

8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para a derogación da lei de taxas xudiciais

Consta no expediente a seguinte moción ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo do BNG e 1 do grupo socialista) e 2 abstencións do grupo do PP, na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente:

“MOCIÓN PARA A DERROGACIÓN DA LEI DE TAXAS XUDICIAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de decembro de 2012 entraron en vigor as taxas xudiciais, logo de aprobárense os formularios de aplicación da Lei 10/2012, do 20 de novembro. Dita Lei grava a interposición de demandas en toda clase de procesos nos ámbitos civil e contencioso - administrativo, ademais dos recursos no eido social, con contías desproporcionadas, cuxos incrementos oscilan entre os 50 e os 750 euros, que incluso poden verse aumentadas en función da contía do preito xudicial.

As novas taxas xudiciais foron rexeitadas por unha ampla representación do sector xurídico, tanto profesionais como funcionarios e funcionarias da administración de xustiza, así como asociacións de consumidores e consumidoras, sindicatos e asociacións e colectivos de toda índole. Desde a súa entrada en vigor, sucedéronse as protestas de practicamente todo o colectivo que presta os seus servizos na administración de xustiza, polas dificultades que engade no acceso da cidadanía a dito servizo público, sen que leven apareladas outras reformas necesarias para mellorar a súa eficacia.

A Corporación municipal debe defender o acceso de todos os seus veciños e veciñas a un servizo público esencial, como é a xustiza, ao comprobarse que transcorridos apenas dous meses desde a entrada en vigor das taxas xudiciais universais, o sistema xudicial volve a ter unha barreira de acceso que vulnera o principio de igualdade. De feito, o descenso de asuntos nos xulgados é acusado, como comeza a desprenderse das estatísticas xudiciais.

Coas taxas xudiciais en vigor, a solicitude de tutela xudicial pola cidadanía queda condicionada pola súa condición económica ou posición social, dado que as taxas xudiciais non se calcularon en función do nivel de renda, nin moito menos cunha formulación equitativa e redistributiva.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado a derogación da Lei 10/2012, que regula determinadas taxas no ámbito da administración de xustiza.
2. Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Ministro de Xustiza."

O concelleiro do grupo municipal do BNG, don Juventino José Trigo Rey, resalta que houbo xa distintas modificacións e unha diminución das taxas, pero estas diminucións foron, debido sobre todo á presión de distintos colectivos, insuficientes, porque se mantén a vulneración de dereitos como a tutela xudicial efectiva e o principio de igualdade consagrados na Constitución española que é inamovible para algunhas cousas e para outras non deixa de ser papel mollado. As taxas son unha discriminación para moitos cidadáns xa que afectan aos que non teñen xustiza gratuíta e tampouco teñen recursos dabondo para poder asumir ditas taxas.

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, di que xa trouxeron ao Pleno mocións que se opoñían ás intencións do goberno e do ministro Gallardón para implantar estas taxas e que supoñen unha peaxe para acceder á xustiza. É certo que o goberno de España modificou algúns extremos pero as taxas seguen aí e non se derogaron. A día de hoxe non é doado nin igual para todos acceder á xustiza e se a xustiza está colapsada hai que melloralala, dotándoa de máis recursos e non aplicar unhas taxas que son unha barreira de acceso.

Considera que esta medida é inxusta e non responde á necesidade de mellorar a xustiza, senón a un afán económico de financiamento do Estado e agarda que os recursos que hai presentados contra esta Lei trunfen.

Remata dicindo que o único que move ao PP neste asunto é un afán puramente económico e facer ver, dentro duns meses, que a xustiza está menos colapsada, o que será porque moitos cidadáns non terán cartos para defender os seus dereitos.

A voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, pregúntase se ao Partido Popular lle queda algún dereito por vulnerar. A xustiza é un dereito básico e agora só está ao alcance dos que poden pagala. Ao final vaise descolapsar a Administración porque chegará un momento no que non haxa cartos para poder acceder á xustiza.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, quere aclarar que o primeiro en introducir taxas xudiciais foi o PSOE. O defecto da Lei de taxas do goberno é non ter en conta o nivel de renda dos cidadáns, xa que non foron feitas nin de forma equitativa ou redistributiva, como di a moción, motivo polo que anuncia o voto positivo, pero matiza que non é que no país os que non teñen cartos non teñen acceso á xustiza.

Sometido o asunto a votación, este foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado a derogación da Lei 10/2012, que regula determinadas taxas no ámbito da administración de xustiza.

2. Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Ministro de Xustiza.

9. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa celebración do 8 de marzo

Consta no expediente a seguinte moción ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións (3 do grupo do PP e 1 do grupo do BNG), na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade:

“O Grupo Municipal do PS^{de}G-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa CELEBRACIÓN DO 8 DE MARZO, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo do ano pasado denunciámos a recentemente aprobada Reforma Laboral do PP, e usabamos o tempo futuro no noso Manifesto para anunciar o recorte en dereitos que suporía para as mulleres. Este ano 2013 constatamos enormes retrocesos.

A dereita tenta instalar a idea de que a crise económica é responsable de todo, que non é o Goberno do PP o causante dos recortes senón a herdanza recibida. Pero, non nos deixemos enganar: non é crise todo o que reloce.

A igualdade ha ir avanzando en España durante os anos de Democracia. Este avance traduciuse nunha vida mellor para as mulleres deste país, así como en máis dereitos para elas e para o conxunto da sociedade.

Isto foi posible grazas ao labor dos Gobernos Socialistas, pero sobre todo grazas á propia sociedade que se modernizou -grazas ás organizacións, ás feministas, á esquerda política e, sobre todo, ás mulleres-. Desta forma, as mulleres fomos ocupando espazos no emprego, na política, e na sociedade, mentres nos achegabamos, en todos os indicadores de participación e calidade de vida, aos homes, rompendo con iso progresivamente a desigualdade. Con todo, a igualdade non era do todo efectiva, aínda existían e aínda existen desequilibrios. Necesitabamos tempo para seguir avanzando, pero sobre todo para consolidar o conseguido. Un tempo fundamental como comprobamos neste últimos catorce meses. Porque este último ano, no que o Partido Popular ha asumido o Goberno, asistimos a uns dos maiores despropósitos da historia da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O emprego, a premisa que permite a autonomía das persoas, é nosa principal preocupación. Con todo, e como pasou sempre, a taxa de paro feminino é superior á taxa de paro masculino. Agora ben, no inicio da crise creceu o desemprego masculino - como efecto da destrución de emprego nalgúns sectores de actividade -, con todo, no momento actual, o desemprego feminino crece espectacularmente como efecto directo das políticas que o Goberno do PP está a aplicar, tal e como comprobamos nos últimos datos da EPA. Esta destrución de emprego é o resultado directo da Reforma Laboral, unha regulación que ademais fai imposible o dereito á conciliación da vida familiar e laboral. E tamén é o resultado do desmantelamento progresivo do Estado do Benestar e os servizos de atención ás persoas. A Reforma Laboral do PP expulsa aos sectores máis vulnerables do emprego, e aí están as mulleres. Ademais deixa sen dereitos ás mulleres traballadoras, a todas en xeral e especificamente ás que teñen traballo a tempo parcial, traballo temporal, ou a aquelas que teñen responsabilidades familiares.

O desmantelamento do Estado do Benestar e a política de austeridade do goberno eliminan servizos públicos esenciais, onde traballan moitas mulleres, tanto na Administración Pública como nas empresas prestadoras. Así, é a redución dos dereitos relacionados coa educación, coa saúde, coa atención á dependencia, cos programas e actuacións dirixidos a mellorar a calidade de vida, o que fai que as mulleres queden en desemprego e ademais que teñan máis dificultades para a conciliación.

Esta lista de recortes en dereitos das mulleres amplíase co anuncio do Goberno de cambiar a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, cun obxectivo, eliminar o dereito a decidir das mulleres. O camiño está marcado co nomeamento dun novo Comité de Bioética de claro rumbo ultraconservador, no que a maioría dos seus membros declarouse abertamente en contra da decisión das mulleres.

E aínda máis, a lei de taxas xudiciais provoca unha desigualdade no acceso á xustiza, que deixará a moitas mulleres sen a posibilidade de acudir a ela mesmo naquelas ocasións que pretendan escapar dunha situación de violencia de xénero. A todo isto debemos sumar a redución de orzamentos e servizos dirixidos a combater a violencia contra as mulleres, tanto no Goberno do Estado como en Comunidades Autónomas gobernadas polo PP.

Estas accións, e estes recortes, están cargados de ideoloxía. Cando se publicaron no BOE non estaban sós, estaban acompañados de múltiples mensaxes que viñan tamén das mesmas filas conservadoras; mensaxes que relacionan a autenticidade de ser muller coa maternidade, a defensa da educación segregada de nenos e nenas, a eliminación da educación para a cidadanía. Mensaxes que pretenden situar ás mulleres de novo nas tarefas de coidado, a crianza e a dependencia.

Todo o ocorrido no último ano lévanos a un mesmo lugar, bastante familiar, os nosos propios fogares. Porque, en definitiva é o que está a promover a dereita do PP: a volta ao fogar das mulleres.

Desde o Partido Socialista con todo seguimos traballando pola igualdade e a emancipación das mulleres. Porque cremos que a igualdade entre mulleres e homes é un alicerce da nosa democracia,

e porque estamos comprometidos/as cun modelo social que garante a xustiza e a equidade. Sen dúbida, o cambio que necesitamos para saír desta crise, que é económica, pero tamén política e social, pasa por contar con todos e con todas, homes e mulleres, sen desperdiciar capacidades. Só desta maneira poderemos saír reforzados/as desta terrible crise na que nos achamos inmersos/as. Farémolo se facemos que a igualdade sexa o centro do cambio

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Ante esta grave situación de desigualdade das mulleres no noso país e co compromiso de facer da igualdade un principio reitor de todas nosas políticas, o pleno do Concello de Fene insta ao Goberno do Estado a:

1. A derogación da Reforma Laboral.
2. O desenvolvemento dun Plan de Emprego para as mulleres, que inclúa políticas activas específicas, a promoción do autoemprego e o desenvolvemento dun Plan de Igualdade das mulleres no emprego, dirixido a promover a igualdade e a eliminar a desigualdade salarial.
3. O mantemento dos dereitos recolleitos na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.
4. A promoción de políticas que permitan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar de homes e mulleres, e o cumprimento da Lei para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes.
5. O mantemento da Lei actual de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo.
6. O impulso de políticas e servizos de prevención da violencia de xénero e apoio ás mulleres que a sofren.
7. A derogación da Lei de taxas xudiciais."

O alcalde di que hai unha Declaración institucional subscrita polos catros grupos políticos e pregúntalle ao voceiro do grupo municipal do PSOE se retiran a súa moción.

O voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, manifesta que entende que neste asunto debe primar o consenso, polo que acepta a substitución pola declaración institucional conxunta dos grupos políticos municipais.

Seguidamente o alcalde dá lectura da declaración institucional conxunta que por unanimidade os grupos acordan que substitúa a moción presentada, que copiada di:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO DE FENE NO DÍA 8 DE MARZO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA.

8 DE MARZO DE 2013

Como puxo de relevo a Carta Europea da Muller: "A discriminación, os estereotipos educativos, a segregación do mercado laboral, o emprego precario, o traballo a tempo parcial involuntario e a distribución desequilibrada de responsabilidades cos coidados familiares a respecto dos homes afectan ás opcións de vida e á independencia económica de numerosas mulleres".

A igualdade foi avanzando durante os anos de democracia. Este avance traduciuse nunha vida mellor para as mulleres así como en máis dereitos para elas e para o conxunto da sociedade que se modernizou grazas ás organizacións políticas, sindicais, feministas e sobre todo ás mulleres.

Desta forma as mulleres ocupan espazos no emprego, na política, na sociedade mentres se achegan en todos os indicadores de participación, aos homes, rompendo progresivamente a desigualdade. Con todo a igualdade non é real e efectiva xa que aínda existen desequilibrios. Necesitase tempo para seguir avanzado pero sobre todo para consolidar o conseguido.

É indiscutible que a igualdade entre mulleres e homes ten un impacto positivo no crecemento económico, no emprego e na produtividade das empresas, e é imprescindible para mellorar as taxas de emprego, a competitividade e a cohesión social.

O emprego, a premisa que permite a autonomía das persoas, é a nosa principal preocupación. Con todo, e como pasou sempre, a taxa de paro feminino é superior á taxa de paro masculino, mantendo baixas taxas de actividade, as mulleres traballan máis a tempo parcial, e abundan máis os traballos en sectores menos valorados, en xeral están peor remuneradas e ocupan un número menor de espazos de responsabilidade no ámbito laboral.

A discriminación salarial é un dos máis flagrantes exemplos da desigualdade entre mulleres e homes que, aínda hoxe, persiste no mercado laboral. Existe unha fenda laboral entre homes e mulleres xa que perciben un salario anual arredor do 20 por cento inferior ao dos homes por traballos iguais ou de igual valor.

Ademais as dificultades de conciliación no ámbito laboral e familiar seguen afectando en maior grado as mulleres, e son moitas as que se ven obrigadas a renunciar a proxectos persoais e laborais.

Mulleres e homes deben ter as mesmas posibilidades de desenvolver o seu proxecto vital e de facelo en condicións de igualdade, debendo progresar no desenvolvemento dun modelo de organización social máis aberta.

A maior abundamento, as mulleres non só sofren a desigualdade e a discriminación no emprego senón tamén a lacra da violencia de xénero como un problema público e social de primeira magnitude.

Representa un ataque do dereito a vida, á integridade física, ao libre desenvolvemento da personalidade, á liberdade, á seguridade, e á non discriminación e todos os poderes públicos teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos estes dereitos.

Mentres siga existindo un só caso de violencia de xénero non viviremos nin gozaremos dunha sociedade que poida vivir libre e en igualdade real entre mulleres e homes.

Por todo o anterior o Concello de Fene COMPROMÉTESE A:

1.- O desenvolvemento dun Plan de Emprego para as mulleres, que inclúa políticas activas específicas, a promoción do autoemprego e o desenvolvemento dun Plan de Igualdade das mulleres no emprego, dirixido a promover a igualdade e a eliminar a desigualdade salarial.

2.- A promoción de políticas que permitan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar de homes e mulleres, e o cumprimento da Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes cunha partida orzamentaria específica.

3.- O impulso das políticas de prevención de violencia de xénero e apoio as mulleres que o sofren cunha partida orzamentaria específica.

4.- Instar Ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta de Galicia a:

a) Mantemento dos dereitos recollidos na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención Ás persoas en situación de Dependencia.

b) O impulso de políticas de prevención da violencia de xénero e apoio ás mulleres que a sofren.

- c) O desenvolvemento de programas de apoio empresarial a mulleres co obxectivo de fomentar o emprendemento feminino e o autoemprego.**
- d) Impulsar o desenvolvemento de novas formas de organización que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral, mellorando a calidade de vida da cidadanía,**
- e) Considerar a igualdade de forma transversal como una oportunidade para afianzar nas escolas os obxectivos de coeducación e visualizar a presenza dos contidos presentes nos proxectos educativos dos centros.**
- f) Que neste ano 2013 se elabore un Plan Estratéxico contra a Discriminación Salarial entre mulleres e homes co fin de identificar e erradicar a inxusta e inustificable fenda salarial.**
- g) Definir a estratexia no ámbito da sensibilización e da prevención en contra da violencia de xénero.**
- h) Mellorar a coordinación entre os órganos xudiciais e os organismos que deben procurar as medidas de asistencia e protección social, reforzando o Punto de Coordinación das Ordes de Protección.**
- i) Reforzar os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo de transmisión interxeracional da violencia.**
- j) Que as axudas económicas recollidas na lei galega sexan abonadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que acrediten formalmente as condicións establecidas, nun prazo non superior a 15 días.**
- k) Crear un programa específico para mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, debido a súa situación especial de vulnerabilidade.**

5.-Asemade instamos a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a que non reduza os orzamentos, os programas, actuacións nin servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender as mulleres."

10. Aprobación, se procede, da proposta do Regulamento regulador do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Fene

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade por 4 votos a favor (3 do grupo do PP e 1 do grupo do BNG) e 3 abstencións (2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto):

"Consta no expediente proposta da concellaría delegada de cultura e deportes de derogación do regulamento publicado no BOP o 20.5.2006 e aprobación inicial dun novo regulamento nomeado "Regulamento regulador do rexistro municipal de asociación veciñais do Concello de Fene", informada favorablemente por informe de secretaría 203/12; informe de secretaría 256/12 no que se analiza a legalidade do regulamento publicado no BOP o 20.5.2006; proposta do grupo municipal socialista rxe 10303 de modificación do actual regulamento do rexistro municipal de entidades do concello; providencia da alcaldía de 30.11.2012 solicitando informe de secretaría; informe de secretaría 294/2012 de 4.12.2012; escrito asinado polos grupos socialista, BNG e EU con RXE 725 de 25.1.2013 de proposta conxunta para ter en conta e incluír para o seu debate e ditame á Comisión informativa de cultura, educación, deportes, servizos sociais e igualdade; informe de secretaría 45/2013 e a seguinte proposta da concellaría delegada de cultura e deportes:

<<PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA E DEPORTES

ASUNTO: REGULAMENTO REGULADOR DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE FENE

O Concello de Fene precisa da aprobación dun regulamento do rexistro municipal de asociacións veciñais que recolla con exactitude as previsións da lexislación vixente en materia de réxime local respecto destas entidades.

A aprobación deste regulamento busca a depuración e dotación de seguridade xurídica ao rexistro municipal actual, fortemente desactualizado e sen control por parte da secretaría municipal.

Coa finalidade de garantir os dereitos destas asociacións e a lexislación vixente, propónse a aprobación dun novo regulamento e derogación do vixente.

En base ao que antecede, propoño que se ditamine favorablemente pola Comisión informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade, para a súa posterior elevación ao Pleno, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente o Regulamento regulador do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Fene, que se transcribe como anexo á presente proposta.

SEGUNDO. Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederá a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

QUINTO.- Derrogar o Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades publicado no BOP de A Coruña o 20.5.2006 e que foi aprobado inicialmente polo Pleno municipal o 24.3.2006

Fene, 22 de febreiro de 2013
A concelleira
Dona Rocío Bértoa Puente

ANEXO

REGULAMENTO REGULADOR DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE FENE

Artigo 1: Obxecto

Constitúese o Rexistro de Asociacións do Concello de Fene cos seguintes obxectivos:

- a) Coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade ós efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal.
- b) Favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.
- c) Facilitarlles, dentro das posibilidades da Corporación Local, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades atendendo a criterios obxectivos e á súa representatividade.
- d) Impulsar a participación das Asociacións na xestión da Corporación nos termos previstos legalmente.

- e) Plasmar unha canle de colaboración entre o concello e as referidas asociacións.

Artigo 2: Requisitos

Poderán obter do Concello de Fene a condición de “Asociación Veciñal”, aquelas entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Revestir a natureza de persoa xurídica asociativa.
- b) Estar inscrita neste concepto no Libro de “Rexistro de Asociacións” do Concello de Fene, cumprindo todos os trámites requeridos para a súa inscrición
- c) Ter o seu domicilio social ou sé no termo municipal
- d) Ter como obxecto a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Concello e en particular as asociacións de veciños dun barrio ou distrito, as de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, empresariais, sindicais, profesionais e calesquera outras semellantes.

Artigo 3: Prohibicións.

- 1.- Non poderán en ningún caso obter a condición de “Asociación Veciñal”, aquelas entidades que teñan finalidades susceptibles de lesionar os dereitos e liberdades constitucionais, que sexan constitutivas de infracción penal ou que en xeral sexan contrarias ao ordenamento xurídico vixente.
- 2.- Tampouco poderán obter a condición de “Asociación Veciñal” aquelas entidades que teñan ánimo de lucro ou que nas súas actuacións persigan ou obteñan tal finalidade.

Artigo 4: Inscrición.

- 1.- Para a obtención da condición de Asociación Veciñal estarase ao seguinte procedemento: O representante da entidade deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Fene a seguinte documentación:
 - a) Instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Fene na que solicite, no nome da entidade, a inserción no Rexistro Municipal de Asociacións segundo o modelo do anexo I do presente regulamento.
 - b) Certificación do órgano competente da entidade no que se acorde solicitar do Concello a referida inscrición.
 - c) Acta de constitución e copia dos seus Estatutos.
 - d) Localización da sede social.
 - e) Relación dos membros que ocupen os cargos directivos.
 - f) Programa de actividades do ano en curso.
 - g) C.I.F
 - h) Orzamento do ano en curso.
 - i) Copia da resolución administrativa onde conste o número de inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente
 - j) Certificación, se é o caso, da pertenza a federacións e outras estruturas asociativas
- 2.- No suposto de que a documentación sexa incompleta ou non reúna as condicións esixidas no apartado anterior, a Alcaldía requirirá á Entidade para que proceda á súa subsanación, coa advertencia de que de non proceder en tal sentido no prazo de 10 días hábiles, a petición terase por desistida, previa Resolución da Alcaldía.
- 3.- Previa calificación da documentación válidamente aportada, a Alcaldía disporá mediante Resolución, a inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.
- 4.- Esta Resolución poderá ser recurrida potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.
- 5.- As Asociacións inscritas están obrigadas a notificar ó Concello toda modificación dos datos enriba relacionados dentro do mes seguinte ó que se produza.
- 6.- Anualmente e dentro do mes de xaneiro, cada Asociación deberá comunicar ó Concello o Presuposto para o ano en curso e o programa anual de actividades.
- 7.- A comisión especial competente en materia de cultura será informada das altas e baixas que se produzan no rexistro na primeira sesión que se celebre tras producirse algunha destas incidencias.

Artigo 5: Libro Rexistro.

- 1.- O Rexistro de Asociacións materializarase nun Libro-Rexistro municipal, constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da Secretaría. O comenzo e ao fin do mesmo extenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.
- 2.- A primeira inscrición de cada Asociación terá carácter de inscrición básica e á marxe da mesma anotarase o número de páxina do libro xeral nas que existan anotacións que lle afecte.

Artigo 6: Dereitos.

- 1.- As asociacións inscritas poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente os locais e os medios de comunicación, coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, atendendo a criterios obxectivos e á súa representatividade, sendo responsables do trato dado ás instalacións.
O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado por escrito ao Concello de conformidade co previsto no artigo 7 do presente regulamento.
- 2.- Previa solicitude expresa, as asociacións inscritas gozarán dos seguintes dereitos:
 - a) Recibir no seu domicilio social as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebran sesións públicas cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da entidade. Nos mesmos supostos recibirán as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais.
 - b) Recibir as publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello, sempre que resulten de interese para a entidade, atendido o seu obxecto social.
- 3.- Recibir información directa sobre os asuntos que sexan do seu interese.
- 4.- Facer propostas sobre os asuntos que afecten os intereses dos seus representados no ámbito da competencia municipal.
- 5.- Formar parte dos órganos de participación municipal.
- 6.- Intervir nas sesións dos órganos do Concello cando sexan requiridas e autorizadas
- 7.- Dereito a acceder a axudas económicas para a realización das súas actividades atendendo a criterios obxectivos e á súa representatividade, de conformidade coa bases ou ordenanzas específicas que rexan a convocatoria de subvencións con esta finalidade.

Artigo 7: Uso de medios públicos.

- 1.- As Entidades rexistradas poderán solicitar e no seu caso obter do Concello a cesión de uso de terreos ou locais municipais para a realización das súas finalidades.
- 2.- A solicitude, dirixida á Alcaldía, deberá ir asinada polo Presidente da entidade en representación da mesma, e indicará o ben ou bens cuxa cesión se solicita, o fin ou fins a que se destinará, e incluírá unha xustificación de que a Entidade conta cos medios necesarios para o cumprimento dos fins previstos.
- 3.- As cesións resolveranse segundo a lexislación de bens das Entidades Locais e demais normativa de réxime local.

Artigo 8: Incumprimento e cancelación da inscrición no Rexistro.

O incumprimento por parte da asociación dos requisitos previstos neste Regulamento, poderá determinar, previo trámite de audiencia e mediante Resolución de Alcaldía (ou acordo da Xunta de Goberno Local en caso de delegación), a baixa da asociación no Rexistro Municipal.

En todo caso, será causa de cancelación da inscrición no Rexistro a disolución ou extinción da asociación acreditada fidedignamente.

A cancelación da inscrición no rexistro ditarase mediante Resolución de Alcaldía (ou acordo da Xunta de Goberno Local en caso de delegación). Dito acordo porá fin á vía administrativa e poderá ser recurrida potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Disposición Adicional 1ª

No prazo de dous meses dende a entrada en vigor do presente regulamento, as asociacións veciñais interesadas en inscribirse no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Fene e que xa estiveran con anterioridade rexistradas no Rexistro Municipal de Entidades, deberán proceder á súa

solicitude de conformidade co previsto no presente regulamento, procedéndose, unha vez finalizado dito prazo, á cancelación de todos os datos e rexistros obrantes nas dependencias municipais sobre antigas asociacións, perdendo estas os seus dereitos a considerarse inscritas nos mesmos.

Disposición Adicional 2ª

No non previsto neste regulamento estarase ao regulado na lexislación de réxime local, LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normativa concordante.

Disposición Derradeira

Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, o presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local.

Anexo I

SECRETARÍA
INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

ENTIDADE

CIF	Nome e razón social	
Rúa		Núm.
CP	Concello	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	Páxina web

REPRESENTANTE

DNI	Nome e apelidos	
Rúa		Núm.
CP	Concello	Provincia
Teléfono	Móbil	Correo electrónico
Cargo que ocupa		

Datos da entidade

Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións
Tipo de asociación
<input type="checkbox"/> Veciñal <input type="checkbox"/> Mocidade <input type="checkbox"/> Cultural parroquial <input type="checkbox"/> 3ª Idade <input type="checkbox"/> Deportiva <input type="checkbox"/> Sociosanitaria <input type="checkbox"/> Cultural non parroquial
Outro tipo _____

C.I.F.: P-1503600-G

Parroquia na que desenvolve as súas actividades

Documentación que presenta:

<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada dos estatutos da asociación <input type="checkbox"/> Certificación do órgano competente da entidade no que se acorde solicitar do Concello a referida inscrición. <input type="checkbox"/> Acta de constitución e copia dos seus Estatutos. <input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do CIF <input type="checkbox"/> Copia da resolución administrativa onde conste o número de inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente <input type="checkbox"/> Programa de actividades do ano en curso <input type="checkbox"/> Orzamento do ano en curso <input type="checkbox"/> Certificación do número de socios/as <input type="checkbox"/> Relación nominal dos membros da Xunta Directiva con indicación do cargo que ocupan <input type="checkbox"/> Certificación, se é o caso, da pertenza a federacións e outras estruturas asociativas

Fene a, _____, de _____ de 20__

Asdo.-

	Rexistro núm.
	Expediente número

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE

Consonte co disposto na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Fene relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.>>"

Inicia o turno de debate a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, quen di que presenta esta proposta de regulamento que recolle as previsións establecidas na lexislación de réxime local, cun formato sinxelo e comprensible que busca dar seguridade xurídica a todas as entidades do Concello.

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, di que por fin vén ao Pleno este regulamento logo de ter moitas peticións e moitas propostas de mellora. Esta proposta gústille máis que a presentada inicialmente porque incorpora algunhas cuestións propostas pola oposición que melloran algo o texto aínda que non corrixe algo substancial que pedía o seu grupo cara a evitar que as entidades tiveran que presentar determinada documentación.

Engade que é certo que este regulamento xorde porque o existente non se axustaba ao disposto legalmente, polo que ven ben ter un e aprobado, pero sempre foron partidarios de partir da modificación do anterior, de tal forma que se puidera actualizar o anterior rexistro e non ter que

facer pasar ás entidades polo trámite de ter que presentar de novo toda a documentación, trámite que considera innecesario e farragoso.

Conclúe dicindo que lle parece positivo que veña esta regulamentación e que se poida aprobar, aínda que non comparte o modo, polo que anuncia a abstención do seu grupo.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que o seu grupo vai votar a favor da proposta porque incluíu unha cuestión importante que é que as entidades supramunicipais poidan ter cabida nel.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, di que o regulamento é o mesmo que se levou á Comisión, así o artigo 2, no punto c) establece que a entidade ten que ter domicilio social ou sede no termo municipal, sendo esta a primeira redacción que se trouxo.

A concelleira do grupo municipal do BNG, dona Rita María Couto Seijido, di que presentaron unha emenda na que se pedía que se incluíra que houbera entidades que non só foran de Fene pero que fixeran o seu traballo en Fene e isto trasladóuselle á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente nunha reunión e explicou que a obriga de ter unha delegación ou sede incluía isto que pediron, polo que di que van votar a favor.

A concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, di que se vai abster para facilitar a aprobación pero as propostas que pediu a oposición basicamente non se recolleron polo que entende que o texto é mellorable.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, di que o concello tiña un rexistro que funcionaba ben, pero por este concello pasaron diversos secretarios que consideraban que o rexistro non era legal, algo que é doado de subsanar e que é o que motiva a presentación deste regulamento. O Departamento de Cultura e Deportes é un departamento colaborador que ten unha relación directa coas entidades do Concello e pensa que non vai haber ningún problema de prazos ou tempo. Dende o ano 2006 ou 2007 hai sociedades que non presentaron nada e hai que volver requiririlles documentación e este regulamento é a base. Di que este regulamento é igual que o que se levou en setembro, que o artigo 2 xa incluíu o tema da sede.

A concelleira do grupo municipal do BNG, dona Rita María Couto Seijido, di que a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente explicou naquel momento que isto era así e que se ían facer uns convenios.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo do PP e 5 do grupo do BNG) e 6 abstencións (5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento regulador do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Fene, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO. Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de

conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

QUINTO.- Derrogar o Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades publicado no BOP de A Coruña o 20.5.2006 e que foi aprobado inicialmente polo Pleno municipal o 24.3.2006

ANEXO

REGULAMENTO REGULADOR DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE FENE

Artigo 1: Obxecto

Constitúese o Rexistro de Asociacións do Concello de Fene cos seguintes obxectivos:

- f) Coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade ós efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal.
- g) Favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.
- h) Facilitarlles, dentro das posibilidades da Corporación Local, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades atendendo a criterios obxectivos e á súa representatividade.
- i) Impulsar a participación das Asociacións na xestión da Corporación nos termos previstos legalmente.
- j) Plasmar unha canle de colaboración entre o concello e as referidas asociacións.

Artigo 2: Requisitos

Poderán obter do Concello de Fene a condición de “Asociación Veciñal”, aquelas entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- e) Revestir a natureza de persoa xurídica asociativa.
- f) Estar inscrita neste concepto no Libro de “Rexistro de Asociacións” do Concello de Fene, cumprindo todos os trámites requeridos para a súa inscrición
- g) Ter o seu domicilio social ou sé no termo municipal
- h) Ter como obxecto a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Concello e en particular as asociacións de veciños dun barrio ou distrito, as de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, empresariais, sindicais, profesionais e calesquera outras semellantes.

Artigo 3: Prohibicións.

- 1.- Non poderán en ningún caso obter a condición de “Asociación Veciñal”, aquelas entidades que teñan finalidades susceptibles de lesionar os dereitos e liberdades constitucionais, que sexan constitutivas de infracción penal ou que en xeral sexan contrarias ao ordenamento xurídico vixente.
- 2.- Tampouco poderán obter a condición de “Asociación Veciñal” aquelas entidades que teñan ánimo de lucro ou que nas súas actuacións persigan ou obteñan tal finalidade.

Artigo 4: Inscrición.

1.- Para a obtención da condición de Asociación Veciñal estarase ao seguinte procedemento: O representante da entidade deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Fene a seguinte documentación:

- a) Instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Fene na que solicite, no nome da entidade, a inserción no Rexistro Municipal de Asociacións segundo o modelo do anexo I do presente regulamento.
- b) Certificación do órgano competente da entidade no que se acorde solicitar do Concello a referida inscrición.
- c) Acta de constitución e copia dos seus Estatutos.

- d) Localización da sede social.
 - e) Relación dos membros que ocupen os cargos directivos.
 - f) Programa de actividades do ano en curso.
 - g) C.I.F
 - h) Orzamento do ano en curso.
 - i) Copia da resolución administrativa onde conste o número de inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente
 - j) Certificación, se é o caso, da pertenza a federacións e outras estruturas asociativas
- 2.- No suposto de que a documentación sexa incompleta ou non reúna as condicións esixidas no apartado anterior, a Alcaldía requerirá á Entidade para que proceda á súa subsanación, coa advertencia de que de non proceder en tal sentido no prazo de 10 días hábiles, a petición terase por desistida, previa Resolución da Alcaldía.
- 3.- Previa calificación da documentación válidamente aportada, a Alcaldía disporá mediante Resolución, a inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.
- 4.- Esta Resolución poderá ser recurrida potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.
- 5.- As Asociacións inscritas están obrigadas a notificar ó Concello toda modificación dos datos enriba relacionados dentro do mes seguinte ó que se produza.
- 6.- Anualmente e dentro do mes de xaneiro, cada Asociación deberá comunicar ó Concello o Presuposto para o ano en curso e o programa anual de actividades.
- 7.- A comisión especial competente en materia de cultura será informada das altas e baixas que se produzan no rexistro na primeira sesión que se celebre tras producirse algunha destas incidencias.

Artigo 5: Libro Rexistro.

- 1.- O Rexistro de Asociacións materializarase nun Libro-Rexistro municipal, constituído por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura da Secretaría. O comenzo e ao fin do mesmo extenderanse as respectivas dilixencias de apertura e de peche.
- 2.- A primeira inscrición de cada Asociación terá carácter de inscrición básica e á marxe da mesma anotarase o número de páxina do libro xeral nas que existan anotacións que lle afecte.

Artigo 6: Dereitos.

- 1.- As asociacións inscritas poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente os locais e os medios de comunicación, coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, atendendo a criterios obxectivos e á súa representatividade, sendo responsables do trato dado ás instalacións.
- O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado por escrito ao Concello de conformidade co previsto no artigo 7 do presente regulamento.
- 2.- Previa solicitude expresa, as asociacións inscritas gozarán dos seguintes dereitos:
- a) Recibir no seu domicilio social as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebran sesións públicas cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da entidade. Nos mesmos supostos recibirán as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais.
 - b) Recibir as publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello, sempre que resulten de interese para a entidade, atendido o seu obxecto social.
- 3.- Recibir información directa sobre os asuntos que sexan do seu interese.
- 4.- Facer propostas sobre os asuntos que afecten os intereses dos seus representados no ámbito da competencia municipal.
- 5.- Formar parte dos órganos de participación municipal.
- 6.- Intervir nas sesións dos órganos do Concello cando sexan requiridas e autorizadas
- 7.- Dereito a acceder a axudas económicas para a realización das súas actividades atendendo a criterios obxectivos e á súa representatividade, de conformidade coa bases ou ordenanzas específicas que rexan a convocatoria de subvencións con esta finalidade.

Artigo 7: Uso de medios públicos.

- 1.- As Entidades rexistradas poderán solicitar e no seu caso obter do Concello a cesión de uso de terreos ou locais municipais para a realización das súas finalidades.

2.- A solicitude, dirixida á Alcaldía, deberá ir asinada polo Presidente da entidade en representación da mesma, e indicará o ben ou bens cuxa cesión se solicita, o fin ou fins a que se destinará, e incluírá unha xustificación de que a Entidade conta cos medios necesarios para o cumprimento dos fins previstos.

3.- As cesións resolveranse segundo a lexislación de bens das Entidades Locais e demais normativa de réxime local.

Artigo 8: Incumprimento e cancelación da inscrición no Rexistro.

O incumprimento por parte da asociación dos requisitos previstos neste Regulamento, poderá determinar, previo trámite de audiencia e mediante Resolución de Alcaldía (ou acordo da Xunta de Goberno Local en caso de delegación), a baixa da asociación no Rexistro Municipal.

En todo caso, será causa de cancelación da inscrición no Rexistro a disolución ou extinción da asociación acreditada fidedignamente.

A cancelación da inscrición no rexistro ditarase mediante Resolución de Alcaldía (ou acordo da Xunta de Goberno Local en caso de delegación). Dito acordo porá fin á vía administrativa e poderá ser recurrida potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Disposición Adicional 1ª

No prazo de dous meses dende a entrada en vigor do presente regulamento, as asociacións veciñais interesadas en inscribirse no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Fene e que xa estiveran con anterioridade rexistradas no Rexistro Municipal de Entidades, deberán proceder á súa solicitude de conformidade co previsto no presente regulamento, procedéndose, unha vez finalizado dito prazo, á cancelación de todos os datos e rexistros obrantes nas dependencias municipais sobre antigas asociacións, perdendo estas os seus dereitos a considerarse inscritas nos mesmos.

Disposición Adicional 2ª

No non previsto neste regulamento estarase ao regulado na lexislación de réxime local, LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normativa concordante.

Disposición Derradeira

Aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, o presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local.

Anexo I

SECRETARÍA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

ENTIDADE		
CIF	Nome e razón social	
Rúa		Núm.
CP	Concello	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	Páxina web

REPRESENTANTE

DNI	Nome e apelidos	
Rúa		Núm.
CP	Concello	Provincia
Teléfono	Móbil	Correo electrónico
Cargo que ocupa		

Datos da entidade

Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións
Tipo de asociación <input type="checkbox"/> Veciñal <input type="checkbox"/> Mocidade <input type="checkbox"/> Cultural parroquial <input type="checkbox"/> 3ª Idade <input type="checkbox"/> Deportiva <input type="checkbox"/> Sociosanitaria <input type="checkbox"/> Cultural non parroquial Outro tipo _____
Parroquia na que desenvolve as súas actividades

Documentación que presenta:

<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada dos estatutos da asociación <input type="checkbox"/> Certificación do órgano competente da entidade no que se acorde solicitar do Concello a referida inscrición. <input type="checkbox"/> Acta de constitución e copia dos seus Estatutos. <input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do CIF <input type="checkbox"/> Copia da resolución administrativa onde conste o número de inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente <input type="checkbox"/> Programa de actividades do ano en curso <input type="checkbox"/> Orzamento do ano en curso <input type="checkbox"/> Certificación do número de socios/as <input type="checkbox"/> Relación nominal dos membros da Xunta Directiva con indicación do cargo que ocupan <input type="checkbox"/> Certificación, se é o caso, da pertenza a federacións e outras estruturas asociativas

Fene a, _____, de _____ de 20__

Asdo.-

	Rexistro núm.
	Expediente número

C.I.F.: P-1503600-G

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE

Consonte co disposto na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Fene relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

11. Comparecencia da concelleira de Cultura e Deportes, Rocío Bértoa, para que explique as cuestións relativas á xestión da súa Área e en concreto aos traballos realizados por varias empresas e a súa facturación durante o ano 2012

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que dende o BNG están sorprendidos de que o goberno municipal leve escapando deste tema dende xuño. Pediron esta comparecencia porque dende entón evitouse dar información en relación ao servizo de limpeza e mantemento das instalacións deportivas que se adxudicou. Preguntouse no Pleno de 7 de xuño se a subrogación dos traballadores ía ser nas condicións que sinalaba o prego e a propia empresa adxudicataria, Eulen, dixo días despois que dous traballadores pasaron de fixos a discontinuos. Naquel Pleno rogaron que se cumprise estritamente o prego de condicións do contrato. Naquel mesmo mes de xuño recibiron queixas de suciedade nas instalacións, polo tanto, incumpríuse o prego. En xullo, no Pleno, reiteraron que se dera toda a información sobre a subrogación do persoal e o alcalde faltou á verdade en dúas ocasións porque dixo que o goberno estaba a facer o que a oposición nunca fixo, sacar a licitación pública este contrato, cando xa se fixera no ano 2004. Nese mesmo día, un pouco despois, fixo a mesma referencia respecto do contrato Verán máis alá, que tampouco é certo, xa que se adxudicou sempre agás o ano en que o goberno actual tomou posesión. Todo isto se fixo para escapar do que o BNG reclamaba que era que se cumprise o prego.

Prosegue o concelleiro don Manuel Polo Gundín dicindo que o 7 de xullo presentaron un escrito pedindo o cumprimento do prego e en novembro pediron ver todas as facturas e viron tantas irregularidades que o 21 de decembro presentaron un escrito cunha serie de preguntas que hoxe reiteran e rogan que as respondan. Observando as facturas de Aníbal Soto vese que hai traballos que coinciden cos feitos pola empresa Eulen e non entende como se pode adxudicar o traballo a unha empresa e que os faga outra.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, comeza pedindo desculpas pola ordenación do Pleno, non o redactaron os concelleiros e non terían ningún inconveniente en que fose o primeiro punto a debater. Prosegue dicindo que non sabe a quen ten contratado Eulen, que Eulen ten a obriga de subrogación e o fixo, que os cambios contractuais que poidan ter, cubrindo todas as xornadas, é algo do ámbito privado e se non está ben terá que dirimirse nos tribunais.

Di a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que como premisa fundamental da comparecencia é preciso facer referencia ao prego de prescricións técnicas do contrato de referencia, en concreto, respecto do campo de fútbol dos Pinares, recolle unha serie de traballos que pasa a ler segundo o disposto no devandito prego, salientando que algúns traballos só se refiren ao propio campo de fútbol, ao céspede.

Engade que tamén hai que salientar que a prestación de servizos no campo de fútbol é de dez meses, non estando incluídos os meses de xullo e agosto, aínda que a facturación se reparte en doce mensualidades, e advirte que por iso hai facturas de importe semellante por este concepto durante todo o ano.

Di que a empresa Eulen comeza os seus servizos no mes de xuño de 2012 no que se pon de manifesto que as instalacións, en concreto as que fan referencia ao campo de fútbol, non son entregadas en correcto estado de mantemento, observando que faltan algúns elementos, non de conservación, pero si da obra que están por rematar no final de obra, porque o Concello se fai co mantemento do campo de fútbol antes do período de entrega da obra.

Esta falla de mantemento durante o mes de xullo e agosto sería prexudicial para o campo e así foi apreciado pola técnico deportiva municipal. O prego non facía referencia a traballos adicionais para o campo de fútbol como si que o fai, por exemplo, para a piscina municipal, polo que logo de ver o

asesoramento técnico e co visto e prace da Alcaldía, tomáronse unha serie de decisións, como que a empresa Aníbal Soto prestase servizos extraordinarios para o mantemento da herba artificial non previstos no prego e que non se fosen prestar ata a primeira revisión semestral ou anual, xa que o prego establecía unha serie de traballos mensuais que se ían deixar de practicar durante dous meses. Deste xeito, fixéronse traballos que se corresponden coa factura número 55 de Anibal Soto consistentes nunha limpeza manual non prevista no prego e que fixo a empresa Anibal Soto con maquinaria específica, xa que, aínda que estaba prevista dentro de 6 meses, o campo a necesitaba xa porque non se tiña feito anteriormente; sega e limpeza dalgunhas zonas verdes e apertura e peche das instalacións coa presenza de persoal nos horarios dos usos (factura que non estaba conformada pola concelleira de Deportes, porque como saben esta empresa vén colaborando habitualmente coa Concellaría de Servizos dende hai tempo e no momento no que se consultaron as facturas aínda non estaba conformada, pero se conformou posteriormente de ordinario como se vén facendo habitualmente).

En base a esta explicación, di que no mes de xullo non houbo reiteración de facturas ou servizos porque Eulen factura pero non traballa.

Prosegue dicindo que a facturación do mes de agosto de Eulen non inclúe a prestación de servizos segundo o prego e hai outra factura pola prestación de servizos de conserxería e mantemento e limpeza do pavillón da Xunqueira, polo mantemento de xardiñería e limpeza no período especial do Verán máis alá na piscina. Tamén hai outra factura máis por servizos extra no mes de agosto que son o resto das instalacións que non están incluídas na factura anterior, é dicir, o campo de fútbol e o pavillón do Ramo.

En canto as preguntas feitas por escrito o 21 de decembro pasado, dona Rocío Aurora Bértoa Puente di:

- 1ª Ante a pregunta por traballos extraordinarios nos meses de verán de Eulen di que só hai dúas facturas de servizos de xullo e agosto de 2012 por servizos non cubertos polo prego.
- 2ª. ¿Cales foron eses servizos extraordinarios? Estes traballos extraordinarios foron consecuencia de cubrir nos meses de xullo e agosto as instalacións deportivas cunha serie de traballos non cubertos. Nunha Comisión de Cultura e Deportes deuse conta de que se trouxera un técnico de Barcelona especialista en campos de fútbol e outro especialista en piscinas, que se fixo un tratamento do campo de fútbol, concretamente no chan dos vestiarios novos e se procedeu á limpeza do cemento de obra, liberar a cafetaría da piscina, limpar a explanada e os espazos exteriores do campo de fútbol.
- 3ª. ¿Os traballos extraordinarios fórono ao abeiro do contrato de limpeza, mantemento e conserxería? Non foron, extralimitan ou superan as horas recollidas no prego.
- 4ª. ¿Existe algún informe técnico que xustifique estes traballos extraordinarios? Non existe, tratouse de cubrir o mesmo traballo que se fai nos 10 meses que existe o contrato.
- 5ª. Respecto de se as facturas de Aníbal Soto son por traballos coincidentes durante varios meses cos adxudicados a Eulen di que son por traballos de limpeza, mantemento e apertura do campo de fútbol dos Pinares.
- 6ª. ¿Como é que Aníbal Soto, zonas verdes, realiza un traballo adxudicado á empresa Eulen? Non realiza ningún traballo adxudicado á empresa Eulen, xa que os traballos de Eulen inda que se facturaban por 12 meses correspondían a un período de 10.
- 7ª. ¿Que traballos fixon Eulen no campo de fútbol dos Pinares dende a adxudicación do contrato ata a data actual? O que fixo a empresa Eulen foi cumprir o contrato.
- 8ª. ¿Estiveron traballando as dúas empresas na mesma instalación e facendo as mesmas tarefas? Non.
- 9ª. ¿Cal é o prezo hora da empresa Aníbal Soto, zonas verdes? Respecto do prezo da hora dos traballos depende de se ten só man de obra, que é a 14 euros, ou se é tamén con maquinaria.
- 10ª. ¿Quen é a persoa que indica os traballos a realizar a Aníbal Soto, zonas verdes? A concelleira de Cultura e Deportes é a que ordena os traballos no ámbito da súa concellaría.

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, di que, respecto das facturas de Eulen, están descontentos co traballo que fai, cre que non está cumprindo co contrato e celebran que este remate.

Está sorprendido de oír á concelleira que se recibiron as instalacións deportivas en malas condicións hixiénicas, cando a escoitaba el pensaba na piscina que tivo algas verdes e que nunca estivo así. Revisando as facturas comprenden que no mes de xullo hai dúas facturas, de 14.600 e outra de 14.200 euros con conceptos iguais, números de factura 9083281 e 9083298.

Respecto do mes de agosto di que hai unha facturación por traballos extra de 10.000 euros que sorprende, que non dubidan que sexan traballos que teña que asumir a empresa pero pide que se indique que traballos fixo Eulen para facturar este importe.

No mes de setembro hai outra facturación de servizos extra por un importe de case 3.000 euros, polo que pregunta cales son estes traballos realizados. Gustaríalles saber en cifras concretas cantos cartos facturou Eulen á marxe do establecido no prego, por que conceptos os factorou e se estes traballos eran necesarios e por que; ademais pide que Eulen facilite ao concello un control das horas de traballo que supón eses traballos e cantas persoas prestaron ditos servizos e en que instalacións deportivas municipais se prestaron.

Seguidamente intervén o alcalde para darlle a palabra á voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, dicíndolle que as preguntas que presentou por escrito xa están contestadas e pregúntalle se as dá como contestadas.

A voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, resposta ao alcalde afirmativamente e engade que, en relación ao falado respecto da empresa Eulen, esta incumpre o prego e os traballos están todos mal, que ten queixas de que non todos os traballadores foron subrogados nas mesmas condicións, de feito un dos traballadores ten unha demanda interposta, e tamén lle informan que a empresa non está a cumprir co horario. Quere saber en que Comisión se informou da presenza dese técnico porque en ningunha das actas da Comisión de Cultura do ano 2012 se fala de que viñese un técnico de Barcelona a mirar as instalacións. Tamén quere saber o montante da facturación de Eulen do ano 2012 e de Aníbal Soto.

O alcalde anuncia que se facilitará ese resumo da facturación.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, dille ao voceiro do grupo municipal socialista que si que é certo que cando se fixo o traspaso da empresa Sedega a Eulen houbo unha serie de queixas e lamenta que isto fose así; que é certo que a piscina estivo mal unha semana, pero que logo se subsanou e dende aquela non teñen constancia de ningunha queixa sobre as instalacións.

As facturas de Eulen son por 10 meses máis os períodos especiais, pero a facturación é por 12 meses e por iso hai facturas en xullo e agosto, porque o importe se fracciona nun ano.

Respecto dos traballos extra di que son traballos de conserxería, limpeza e mantemento porque as instalacións se abriron a maiores máis horas do establecido no prego.

A factura de setembro é debido a que este ano a piscina se abriu o día 1.

Respecto do preguntado da facturación de Eulen non pode responder agora mesmo, polo que se dirá, inda que a maioría das instalacións que hai que facer fóra do prego adxudicáronse directamente á empresa.

En relación cos traballadores, di que non sabe que traballadores traballan nas instalacións nin os seus horarios, que o prego di que os hai que subrogar e ao goberno lle consta que están todos subrogados. Respecto dos conflitos polos horarios, di que é un conflito privado e as diferenzas deberanse decidir no xulgado.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que o concello ten a obriga de ter os Tc's mensualmente do persoal contratado e se dito persoal consta coa titulación axeitada aos postos.

Respecto dos traballos extraordinarios, pregunta por que as facturas non especifican os traballos feitos e se mesturan os conceptos do contrato cos conceptos extraordinarios e por que se seguen contratando traballos extraordinarios, xa que se fosen necesidades puntuais podían ter unha explicación na propia factura, pero isto non figura.

Di que Eulen leva facturados máis de 30.000 euros por riba do adxudicado. Nas facturas teñen que figurar os traballos e as horas que se correspondan co prego e se é un traballo puntual terá que diferenciarse do prego e non facer unha relación de facturas caótica no sentido de que hai tres facturas do mes de agosto, cuns conceptos que son os mesmos e se repiten, agás dúas que poñen

extra. Pregunta, ¿por que se gastan máis de 30.000 euros por riba?, ¿que actividade hai no pavillón no mes de agosto? Considera que ningún e se ten algún hai que dicilo e especificalo.

Prosegue a dicir o concelleiro don Manuel Polo Gundín que hai informes suspensivos da Intervención e non entenden a concorrencia coa empresa Aníbal Soto ou que se diga que o campo de fútbol estaba en tan mal estado, cando hai facturas anteriores por 24.000 euros entre xaneiro e xullo para o seu mantemento.

Ten serias dúbidas de que se pasaran determinadas máquinas ao campo e se fixeran determinados traballos e non coñece que Eulen utilizara ningunha máquina específica segundo establece o prego nin se presentara ningún informe de que isto se estivese facendo.

Engade que non se entende que se tarde tanto en contestar e que o BNG fixo o seu traballo, que é controlar, mentres o equipo de goberno non fixo o seu, que é contestar.

O BNG non se dá por satisfeito coas respostas que se deron e roga que se utilice o persoal técnico para a vixilancia e supervisión, porque se o fixeran poderían ter constancia da propia Administración de que os traballos se estaban facendo correctamente. Rógalle ao alcalde que reparta as delegacións mellor e que o próximo prego se redacte mellor. Conclúe dicindo que as facturas teñen que poñer os servizos que se fan e roga que non se fagan comparativas cos gobernos anteriores, xa que nesta xestión en concreto esta concelleira o fixo moi mal e o BNG está na liña de que o alcalde cese á concelleira de Deportes das súas funcións.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera que di que a piscina estivo practicamente un mes mal e alégrase de que a concelleira o recoñecera. Pregunta, respecto do campo de fútbol, canto persoal ten Eulen adicado ao campo de fútbol e se o concello sabe en que condicións está ese persoal. Cre que é interesante sabelo para que o concello saiba se o persoal está capacitado ou se é o persoal que Eulen se comprometeu asignar; insta a que se comprobe este extremo.

Gustaríalle que se informase da facturación de Eulen á marxe do prego, en que concepto e por que, xa que cando se adjudicou este contrato entenderon que o prezo que Eulen ofertou era desorbitadamente baixo e que non ía dar para prestar o servizo que se contrataba, xa que non queren que á marxe do prego apareza facturación extra que eleve o custe por hora que Eulen ofertou.

Roga que se solicite a Eulen que persoal asigna ás instalacións deportivas, por cantas horas e para que traballos e que en canto o presente se lle dea traslado.

Conclúe rogando que se dea conta en Comisión de todo o que Eulen facture á marxe do que establece o prego.

A concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, fai uso da palabra para dicir que darlle a contrata a Eulen non significa darlle carta branca e que se hai constancia de que os traballadores se queixan hai que preocuparse por iso, entende que hai unha falla de supervisión e control. Di que cos cartos gastados no campo de fútbol poderíase facer un plan de emprego.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente fai uso da palabra e dille á voceira do grupo mixto que o que a concelleira está a facer é cuantificar o que a empresa Aníbal Soto fixo no campo de fútbol dende 2011.

En canto aos traballadores e o seu descontento, pensa que a empresa ten que cumprir co prego e co contrato e que os conflitos e os cambios de horarios que teñan os traballadores é algo que teñen que resolver no ámbito privado.

Engade que non é certo que os traballadores estean descontentos e pídelle á voceira do grupo mixto que faga estas preguntas por escrito e, así, achegaranlle dito escrito á empresa e aos traballadores.

Respecto dos horarios, non sabe que traballadores están nunha instalación ou noutra, xa que non teñen todos un sitio fixo.

En relación coa responsabilidade do contrato di que o prego pon clarisamente quen é o responsable do cumprimento do contrato, inda que, independentemente do que poña, ela é a responsable de todo e todas as preguntas que se fan respecto da súa área, aínda que sexa como consecuencia de erros dos traballadores, asúmeas ela; se o prego está mal feito, asúmeo ela.

Prosegue dicindo que o prego está mal feito, pero que o que está claro é que no último ano, cunha instalación menos, cos pavillóns de San Valentín e do Ramo, a piscina municipal, a empresa que o levaba antes facturaba 100.000 euros máis sen o campo de fútbol dos Pinares.

Logo de moitos anos sen ter prego regularizaron a situación e di que hai moitas cousas que hai que limar, pero inda así foi un logro aínda que haxa algunha falla de previsión como esas horas

extraordinarias e as deficiencias que houbo que subsanar e se contrataron; engade que tampouco se previron todas as aperturas dos pavillóns cando no verán si que se utiliza o pavillón, xa que hai ximnasia de verán e hai moitas sociedades que piden o pavillón nesta época.

Pregúntalle ao voceiro do grupo municipal do BNG como facía el os pregos cando era Delegado de Facenda no goberno bipartito de Fene no que dentro das súas funcións estaba a supervisión desa área e dille que non lle pode contestar porque quedou deserto e non se sacou.

Remata a súa intervención dicindo que o control da empresa Eulen é absoluto, control que antes non existía sobre a empresa que levaba as instalacións deportivas que non tiña nin control técnico nin político.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, pide o uso da palabra por alusións e dille á concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que no mandato pasado non pediu ningunha comparecencia de ninguén e que non fixo os seus deberes, que el cando foi concelleiro delegado fixo as súas funcións dun xeito e logo na oposición doutro.

Remata dicindo que a Sra. Bértoa hoxe non contestou porque nos meses de despois do verán os traballos extra seguen a ter unha duplicidade de facturas, tanto en setembro como en outubro, cun informe desfavorable da intervención, e que non hai ningún soporte documental que constate que se controla nada.

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, di, respecto dos traballadores que hai en cada instalación, que sabe que hai traballadores que cambian de instalación pero esa circunstancia a ten que saber a empresa e dille á concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que se non o sabe que lle pida á empresa Eulen que traballadores ten en cada instalación, durante cantas horas e que están a facer. Respecto dos traballos extra di que se deben especificar, ben pola concelleira delegada ou ben pola empresa Eulen.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente di que agora mesmo non sabe ese dato e dille ao voceiro do grupo municipal socialista que terá que dicir en que período de tempo.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera pide que se facilite as follas de traballo nas que consten que persoas prestaron os servizos, en que datas e en que instalacións.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que se hai que ter que especificar isto de cada traballador ao mellor estarán todo o día a isto e di que lle gustaría saber a transcendencia que ten isto.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera di que a transcendencia é comprobar que se cumpre co prego.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente di, en relación a unha pregunta feita por IU por escrito respecto do horario e o posto de traballo antes e logo da subrogación, que se está estudando polos servizos xurídicos se isto se pode concretar.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera di que non quere os nomes de persoas, quere o número de traballadores por días e instalacións.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, contéstalle que cando compareceu o concelleiro do PSOE non sabía onde estaban os traballadores de limpeza cada día exactamente.

O Alcalde di que esta comparecencia era para algo moi concreto e aquí estase dando todo un repaso ao contrato de Eulen dende xullo de 2012.

A voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, di que se remite ao prego do contrato, que hai un informe da técnico de Deportes aclarando a modificación da facturación.

En relación ao dito polo voceiro do BNG de que fixo mal a labor de oposición di que leva dous días en política e que non se pode equiparar a el, pero a oposición que viviu ao lado do alcalde foi moi distinta e dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que ve nerviosismo dende que Eulen está aquí. En canto ás Comisións Informativas dille ao voceiro do BNG que ningún representante de ningún partido político lle fixo preguntas respecto deste contrato, que a súa explicación é que as facturas non están duplicadas, que as facturas de xullo e agosto son por servizos extraordinarios que se contrataron asesorados polos técnicos.

12. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

13. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Ten intención o goberno municipal de convocar ás entidades e ás sociedades (asociacións de veciños e asociacións parroquiais) a unha reunión para explicarlles o contido do borrador do PXOM antes de que se abra o período de alegacións?. Se non é así roga que se faga.

- Roga a valoración do alcalde da xuntanza na Delegación do Goberno na Coruña sobre a situación de Navantia e que perspectivas e plans de futuro hai ao respecto.

Contesta o alcalde dicindo que a impresión é mala, que acudiu o presidente de Navantia e outros cargos que manifestaron que non existe vontade de construción do dique flotante e que lles transmitiu a preocupación que existe no concello porque non se logra ver avance ningún, que non ve diversificación ningunha porque non hai un plan industrial e di que non obtivo resposta ningunha. A conclusión á que se chegou foi decepcionante para el e a súa impresión é moi pesimista porque tampouco veu avances que dean lugar a posibilidades reais de carga de traballo.

- Recibiron queixas de varios veciños polo estado da rúa Eduardo Neira en Perlío e roga que se arranxe.

Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras que comezaron este luns con plan de rebacheo pero tiveron que parar porque o tempo non axuda.

- Roga que se coloquen novos colectores de roupa e pregunta se van colocar máis. Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras que xa están todos colocados, que hai 3 en Fene e o resto nas parroquias.

- En relación coa estrada da Armada en Maniños preguntou como se ía facer o asfaltado, se ía ser por riba do que había ou se se ía fresar cara a evitar que a estrada quedara por riba das beirarrúas ao que se lle contestou que se fresaría nalgúns partes. O certo é que o pavimento quedou á mesma altura que as beirarrúas e nalgúns sitios, mesmo por riba, polo que roga que se inste á Deputación Provincial para que se corrixa esta situación.

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que se deu parte ao vixiante da Deputación Provincial.

- Rógalle ao concelleiro de Servizos que cumpra o compromiso pendente que ten cos veciños do cruce da Avda. Castiñeiro coa estrada da Armada aos que lles entra a auga e que faga o rexistro prometido.

Contesta o concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras que cree que está solucionado hai vinte días. Se fixeron actuacións na rúa Castiñeiro e Castiñeiríño e di que non coñece novos problemas.

- Roga que se reparen varios puntos de luz na estrada da Armada e que se é competencia da Deputación Provincial se lle inste a arranxalos.

- En relación ás subvencións do ano 2012 díxose en Comisión que se ían pasar as bases aos grupos municipais unha vez feitas e roga para que se faciliten e pregunta ¿que previsión hai para sacar as subvencións? e ¿que previsión hai para pagar o 60% pendente das subvencións do ano 2011?

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que se leva pagado o 60% das subvencións e ata que non se paguen todas non sacarán as novas subvencións que irán no mesmo sentido destas e di que só haberá pequenas modificacións porque había un erro en canto ás tempadas deportivas porque só se tiñan en conta as tempadas de fútbol.

Engade que a día de hoxe se están pagando as subvencións, que hai algunhas subsanacións pendentes e que se van ir pagando segundo teñan entrada ditas subsanacións no rexistro.

- Di que as entidades están preocupadas polo pagamento das subvencións de equipamento da Xunta de Galicia ás entidades e pregunta ¿hai algunha previsión de pagamento?.

Responde o alcalde dicindo que tratará de facer unha xestión respecto do CMI e di que acaban de xustificar a subvención hai pouco e que aínda non está en tesourería.

- ¿Cando se vai convocar o Consello escolar municipal?. Roga que se convoque canto antes.
A concelleira dona Juana Barro Couto responde que se vai convocar o día 20 deste mes.

- Roga que se arranxen os camiños municipais en Sillobre, Barallobre, Maniños e Limodre. Responde o alcalde que se toma nota dos rebacheos e di que mentres non pare de chover non se pode facer.

- ¿Como está o regulamento da campo de fútbol? Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que hai convocado un Pleno extraordinario para o 11 de marzo e contratacións en marcha, polo que o servizos xurídicos tiveron máis traballo e hai prioridades.

- ¿Que previsión hai para sacar o prego de contratación de monitores e profesores das escolas deportivas municipais?. Roga que se lles facilite copia del.

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que as actividades deportivas se están estruturando e as culturais están xa fixadas, que os pregos están xa próximos a ser sacados.

- ¿Hai xa previsión para sacar de novo o prego de limpeza que está a punto de caducar?

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que a previsión é sacalos para finais deste mes ou principio do seguinte, que se dará conta deles.

- ¿Que previsión hai para sacar a ordenanza fiscal de terrazas?

O concelleiro don Juan José Franco Casal di que se segue coa ordenanza actual, que non ten problemas para adaptarse. Respecto das bonificacións só se permiten as previstas na lei.

- En relación co abastecemento de auga na rúa Santiago en Barallobre, logo de saber que as válvulas as teñen que pagar os veciños, cousa na que non está de acordo, pregunta se xa hai acordo respecto das válvulas e cando se pode dar auga aos veciños.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez responde que Aquagest presentou un escrito esta semana ao respecto e está pendente de informe de secretaría.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, don Juventino José Trigo Rey, fai as seguintes preguntas:

- Cando se fai un prego e se fai mal ¿pódese pagar un 20% máis todos os meses porque se fixo mal ou hai que sacar un prego novo? Considera que pode haber outras empresas que se sintan totalmente prexudicadas porque con eses cartos a maiores gañarían a adxudicación e pregunta se pode facer ou é ilegal.

Contesta o alcalde dicindo que os pregos están aquí e dá por feito que coñecen o contido do prego e das variacións que pode haber dentro daquel, que a concelleira de Cultura e Deportes lles remitiu o expediente e el o remite de novo a dito expediente, dille que o examine con calma e que saque as súas conclusións e, de ser o caso, volva preguntar no seguinte Pleno. Dille que se examina a documentación que está no expediente de contratación verá que si é posible variar o que di.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente di que quere engadir á contestación do alcalde que a elaboración do prego pasou pola técnico de deportes, polo técnico de administración xeral, pola Secretaría e a Intervención o que é a mostra máis inequívoca da súa legalidade.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos:

- Roga que se traslade copia dos informes relativos ás facturas da empresa Eulen polas que preguntaron hoxe, xa que coñeceron neste Pleno por primeira vez a existencia de informes da técnico de deportes.

- En relación co contrato de Eulen, di dos servizos ten que haber follas de servizos e cuadrantes dos horarios e roga que se lles faciliten copias e se non os hai que se pidan, tanto dos traballos ordinarios como sobre todo dos extraordinarios.

Non lles constan que se fixeran os traballos de cepillado, peiteado, distribución, limpeza por aspiración e demais traballos no campo de fútbol municipal nos últimos meses e rogan que se pase o detalle deses traballos concretos, segundo consta no prego.

- Recibiron queixas na estrada 3503, á altura de Rego da Moa, pola siniestralidade e reitera que esa estrada necesita medidas de seguridade vial sobre todo en sinalización e rogan que se actúe neste sentido e que se lle dea conta á Deputación Provincial dos partes que ten a Policía Local dos accidentes de tráfico.

- Roga que se atendan as demandas das ANPAS de Sillobre respecto do parque da zona exterior da escola.

Contesta o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras que se foi precintar o xoves da semana pasada e o sábado volveu a Policía Local a precintalo.

- Roga que se actúe na escola Curros Enríquez na que se produciu un roubo, que se melloren as medidas de seguridade e se arranxen as portas.

- Roga que se reitere á Deputación Provincial que revise a estrada da Armada.

- Na estrada da Palma, na marxe dereita onde non hai beirarrúas, recibiron queixas de veciños que din que hai zonas de encharcamentos, polo que roga que se actúe.

- Cada vez se ven máis ruínas no Concello, comezando na Porta do Sol e co que está chovendo ditas ruínas poden producir desprendementos, polo que rogan que se aplique o PXOM e que se inicien os trámites cara a eliminar aquelas e canto menos, as que están próximas aos viais.

A voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Atopou o concello a focha da furgoneta?

O concelleiro don José Andrés Serantes Panceiras di que non deu coa focha.

- ¿Fíxose algo na mediana das Pías?

Contesta o alcalde que ten un escrito presentado ao que se lle contestará, que a instancias do PP na anterior lexislatura aprobouse unha moción precisamente para que na mediana das Pías só se plantasen plantas que non fose preciso renovar continuamente.

- ¿Como está a petición que fixo a ANPA do colexio de Sillobre?

Contesta o alcalde que ten constancia da petición e que as obras se están retrasando porque o tempo non acompaña e di que se atenderá respecto da reparación do colexio e do parque.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 21:19 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas